<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.7. Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Pirámide alimentaria. ▪ B2.9. Alimentos diarios necesarios. ▪ B2.10. Análise de costumes na alimentación diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenzas entre seres vivos e inertes. ▪ B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos... ▪ B3.4. Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as. ▪ B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos. ▪ B3.6. Respecto polos seres vivos do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. ▪ B4.2. Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida. ▪ B4.3. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. ▪ CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Observación dos efectos da aplicación dunha forza. ▪ B4.5 Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas. ▪ B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. ▪ B5.3. Prevención de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. ▪ B5.5 Coidado dos recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

CIENCIAS NATURAIS

MESTRA : EVA FERNÁNDEZ REINALDO

2. COMPETENCIAS CLAVE

As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos e a comprender o noso ámbito e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. O currículo da área das Ciencias da Natureza pretende ser un punto de partida para achegar os alumnos e alumnas ao mundo natural que nos rodea, para que o entendan e se impliquen no seu coidado e conservación. A través desta área, iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipótese, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, extraer conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso dos materiais e ferramentas.

Dende o traballo na área contribuírase ao desenvolvemento das competencias, aplicándoas á planificación e execución de proxectos.

A área de Ciencias da Natureza contribúe especialmente ao desenvolvemento das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A competencia en materia científica alude á capacidade e a vontade de utilizar o conxunto dos coñecementos e a metodoloxía empregados para explicar a natureza, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas.

Por competencia en materia de tecnoloxía enténdese a aplicación dos devanditos coñecementos e metodoloxía en resposta ao que se percibe como desexos ou necesidades humanos.

As competencias científica e tecnolóxica entrañan a comprensión dos cambios causados pola actividade humana e a responsabilidade de cada individuo como cidadán. As competencias en ciencia e tecnoloxía requiren coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía e a tecnoloxía. Tamén inclúen destrezas que permiten utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, así como utilizar datos e procesos científicos. Así mesmo, conteñen actitudes e valores relacionados co interese pola ciencia, o apoio á investigación científica asumindo criterios éticos e o sentido da responsabilidade en relación coa conservación e protección do medio.

Tamén, a área de Ciencias da Natureza de Educación Primaria contribúe ao desenvolvemento das outras competencias.

Os contidos asociados á forma de construír e transmitir o coñecemento científico constitúen unha oportunidade para o desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**; a utilización da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais e para expresar datos e ideas sobre a natureza e o rigor e busca da verdade que supón a utilización do método científico, contribúen ao desenvolvemento da **competencia matemática**; o manexo dun procesador de textos, a busca guiada en Internet e a utilización de simulacións informáticas para mellorar a comprensión de modelos, favorecen o desenvolvemento da **competencia dixital**; a necesidade de comunicar correctamente as observacións experimentais, a exactitude da terminoloxía científica e o aumento significativo da riqueza de vocabulario específico, supoñen unha contribución desta área ao desenvolvemento da **comunicación lingüística**; a alfabetización científica constitúe unha dimensión fundamental de **conciencia e expresións culturais**, que posibilita a toma decisións sobre moitos aspectos dende un punto de vista científico e racional; o **sentido da iniciativa e espírito emprendedor** maniféstase na planificación e realización de experimentos científicos; a contribución da área ao desenvolvemento das

competencias sociais e cívicas ten relación coa liberdade de pensamento e coa sensibilidade fronte ao progreso científico e tecnolóxico.

Perfil competencial.

Á hora de avaliar o nivel competencial do noso alumnado teremos en conta a seguinte táboa na que se establece a relación que teñen cada un dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da área de Lengua e Literatura castelá con cada unha das competencias claves que establece o currículo

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
<i>Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</i>	X	X	X	X		X	X
<i>Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</i>		X		X		X	
<i>Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</i>		X		X	X	X	
<i>Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</i>		X			X		
<i>Recoñece partes do propio corpo.</i>		X			X		
<i>Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.</i>	X	X			X		
<i>Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.</i>		X			X		
<i>Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.</i>		X			X		
<i>Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.</i>		X				X	
<i>Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.</i>	X	X					
<i>Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.</i>	X	X					
<i>Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.</i>		X					
<i>Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.</i>	X	X	X	X		X	
<i>Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.</i>		X			X	X	
<i>Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.</i>		X			X		
<i>Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.</i>		X					
<i>Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.</i>	X	X			X		
<i>Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.</i>		X			X	X	

<i>Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.</i>	X	X	X				
<i>Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.</i>		X	X				

CIENCIAS NATURAIS

MESTRA : EVA FERNÁNDEZ REINALDO

3. METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial supón un cambio metodolóxico importante. Os alumnos han de iniciarse en coñecer e utilizar técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos.

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber facer) e un coñecemento con grande influencia social e cultural e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser).

Esta área artículase en torno a 5 bloques:

Iniciación á actividade científica.

Oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

O ser humano e a saúde.

Integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

Os seres vivos

Oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.

Materia e enerxía.

Inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.

A tecnoloxía, aparellos e máquinas

Inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

Por último, establécense as seguintes **orientacións metodolóxicas**:

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un **enfoque globalizador e interdisciplinario** que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de **tarefas integradas** que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades

As estruturas de **aprendizaxe cooperativa** posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de **diferentes técnicas para a avaliación** do desempeño do alumnado como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas...

Debe potenciarse a **variedade de materiais e recursos**, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinoaprendizaxe

No currículo establécense os **estándares de aprendizaxe avaliáveis** que permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Ciencias da natureza. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, una vez finalizada esta, deberán estar acadados e consolidados.

CIENCIAS NATURAIS

MESTRA : EVA FERNÁNDEZ REINALDO

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesorado participará de forma global no tratamento da diversidade do alumnado xa que cada alumno ou alumna dentro da aula desenvolve diferentes ritmos de aprendizaxe.

Para facilitar os avances individuais téñense en conta os coñecementos previos dos alumnos e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse una especial importancia ao autoconhecimento e ao respecto así como traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos.

Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
- A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

5. MATERIAIS E RECURSOS

- Libros de texto:
- Cinco en raia, unidades didácticas integradas. Santillana.
- Enciclopedias, dicionarios, revistas e outros materiais impresos e material fotocopiado.
- Mapas e murais.
- Xogos educativos.

- Biblioteca de aula con recursos obtidos da biblioteca do centro.
- Biblioteca escolar que conta con recursos impresos (libros, revistas...) e con recursos audiovisuais e dixitais.
- Aula de computadores do centro que conta cunha pizarra dixital.
- Un ordenador portátil por aula.
- Un proxector por nivel.
- Unha pizarra dixital no nivel.
- Programas informáticos e xogos educativos.
- Empregaranse diversas páxinas web tanto para elaborar materiais como para que os alumnos as empreguen como fonte de información ou para traballar e reforzar distintos contidos das distintas áreas.

6. TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre

2º quincena setembro-1º quincena outubro

Seres vivos, características e necesidades

Os sentidos e os seus órganos

Sentimentos e emocións

2º quincena outubro-1º quincena novembro

Ósos e músculos

As funcións vitais

O coidado da saúde

2º quincena novembro-1º quincena decembro

A orixe dos alimentos

A Alimentación saudable

Os nutrientes dos alimentos

Segundo trimestre

Xaneiro

Tipos de plantas en diferentes paisaxes

Partes das plantas

Clasificación das plantas

Febreiro

Animais vertebrados e animais invertebrados

A reprodución dos animais

A alimentación dos animais

Os ecosistemas

Marzo

Mamíferos e aves

Peixes, réptiles e anfibios

Animais invertebrados

Animais en perigo de extinción

Terceiro trimestre

Abril

A materia e as súas propiedades. A masa e o volumen

Os estados da materia

Os materiais e as súas características

A enerxía. Fontes renovables e non renovables de enerxía

Maio

As máquinas.

Máquinas simples e máquinas complexas

Máquinas e enerxía

Os elementos das máquinas

As forzas

Xuño

Máquinas antigas e máquinas modernas. Funcións

Os inventos e os inventores e inventoras

O desenvolvemento tecnolóxico.

7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao

alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para o curso e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos haberán de ser variados.

Para recoller datos servirémonos de diferentes **procedementos de avaliación**:

- * A observación de comportamentos.
- * Entrevistas.
- * Probas configuradas como sínteses dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensino-aprendizaxe.
- * Cuestionarios orais e escritos.

Os datos recóllense en diversos **instrumentos para a avaliación**. Podemos clasificalos en **oficiais**, cuxo formato foi determinado pola Administración, ou **persoais**, de formato libre, seleccionados ou construídos pola profesora ou equipo de profesores.

Son documentos de rexistro **oficial**: *o informe individualizado, o expediente académico do alumno, o historial académico, o informe persoal por traslado e as actas de avaliación.*

Entre os instrumentos de rexistro **da profesora ou equipo** utilizaranse *escalas de valoración* (para contidos de tipo actitudinal e procedemental) e *listas de control* (para obxectivos e contidos vinculados ao dominio conceptual).

Criterios de Cualificación

Criterios de Cualificación	Instrumentos empregados	Valoración
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de probas escritas e/ou orais ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre - Rúbricas de avaliación 	70%
Realización do traballo na aula: <ul style="list-style-type: none"> - Realización adecuada e presentación do traballo - Organización e coidado dos materiais 	<ul style="list-style-type: none"> - Libros, fichas e cadernos empregados - Rexistro de actividades da clase 	
Realización do traballo na casa: Tarefas e traballos específicos voluntarios e propostos por alumnos e familias	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro de entrega das tarefas propostas 	15%
Valoración de actitudes na aula: <ul style="list-style-type: none"> - escoita - Participación - Esfuerzo - Colaboración 	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistros das actitudes na aula - Rexistros de incentivos por esforzo e colaboración. 	15%

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Para levala a cabo atenderanse aos seguintes aspectos:

- consecución dos obxectivos propostos
- adecuación das actividades ao alumnado
- implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividades propostas
- ambiente creado durante as sesións
- adecuación dos recursos empregados
- organización do tempo e do espazo
- a idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados
-

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

6.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados establecidos para o curso e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas

Procedementos e instrumentos de avaliación

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos haberán de ser variados. Para recoller datos servirémonos de diferentes **procedementos de avaliación**:

- * A observación de comportamentos.
- * Entrevistas.
- * Probas configuradas como sínteses dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensino-aprendizaxe.
- * Cuestionarios orais e escritos.

Os datos recóllense en diversos **instrumentos para a avaliación**. Podemos clasificalos en **oficiais**, cuxo formato foi determinado pola Administración, ou **persoais**, de formato libre, seleccionados ou construídos polo profesor ou equipo de profesores.

Son documentos de rexistro **oficial**: *o informe individualizado, o expediente académico do alumno, o historial académico, o informe persoal por traslado e as actas de avaliación.*

Entre os instrumentos de rexistro **do profesor ou equipo** utilizaranse *escalas de valoración* (para contidos de tipo actitudinal e procedemental) e *listas de control* (para obxectivos e contidos vinculados ao dominio conceptual).

.Realización de probas específicas :test, fichas, preguntas abertas...

.Rúbricas

.Listas de control

.Rexistro anecdótico: observación directa.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS ÁREAS

A continuación expoñemos os criterios de cualificación das distintas áreas así como o porcentaxe de peso que se lle asigna ós diferentes procedementos e instrumentos que se empregarán para obter a nota de cada alumno.

Áreas de linguas

Proceso	Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Comunicación oral: falar e escoitar	Rúbrica*	25%
Comunicación escrita: ler	Rúbrica*	25%
Comunicación escrita: escribir	Análise dos textos escritos dos alumn@s	25%
Coñecemento da lingua	Proba escrita aberta	25%
Educación Literaria		

*Anexo 1: Rúbricas

Área de Matemáticas

Proceso	Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Contidos dos distintos trimestres	Proba escrita : aberta ou obxectiva	60 %
Traballo na aula	Observación sistemática	15%
Análise das producións os alumn@s	Caderno de aula e libro	20%
Coñecemento do sistema monetario	Rúbrica*	5%

*Anexo 1 : Rúbricas

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

Criterios de Cualificación	Instrumentos empregados	Valoración
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas unidades	Rúbricas de avaliación	70%
Realización do traballo na aula: -Realización adecuada e presentación do traballo - Organización e coidado dos materiais	- Libros, fichas ,láminas e cadernos empregados - Rexistro de actividades da clase	
Tarefas e traballos específicos voluntarios e propostos por alumnos e familias	- Rexistro de entregas das tarefas propostas	15%
Valoración de actitudes na aula: - Escoita - Participación - Esforzo - Colaboración	- Rexistros das actitudes na aula - Rexistros de incentivos por esforzo e colaboración.	15%

Tal como se mostra nos cadros a avaliación farase seguindo os procedementos e instrumentos seguintes:

- Observación sistemática na aula sobre os logros que vai alcanzando, as dificultades que se poñen de manifesto, así como a intensidade e esforzo que pon de manifesto na realización das tarefas
 - Traballo na aula: Refírese ao traballo do alumno/a na aula e que é observado pola mestra. Xa que non se contempla mandar tarefas para casa, terase en conta o que o alumno é capaz de facer na aula e no seu caderno: planificar o traballo, resolver actividades e tamén corríxilas axeitadamente. Tamén se refire a actividades que se desenvolvan oralmente.
 - Intercambios orais cos alumnos/as, ben para asegurar a comprensión de conceptos ou para mellorar a expresión oral.
 - Observación sistemática na aula sobre os logros acadados ou as dificultades que presentan.

➤ Probas escritas

.A avaliación será continua, e dicir, que se valorará o progreso da dende o comezo do curso ate o final.

7.- ENFOQUE METODOLÓGICO XERAL.

7.1. Indicacións metodolóxicas establecidas no currículo

A metodoloxía empregada na aula partirá do traballo sobre os estándares de aprendizaxe. No artigo 15 do decreto 105/2014 recóllense os principios metodolóxicos dos procesos de ensino- aprendizaxe, que adaptados á realidade da aula concréntanse así:

- Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado. Hai varios alumnos con dificultades na expresión escrita. Ademais varios alumnos precisan apoio e reforzo e unha atención personalizada polo seu ritmo lento de aprendizaxe, adaptando a metodoloxía para lograr o seu éxito escolar.
- Empregarase unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e participativa dirixida ao logro das competencias clave. Para unha adquisición eficaz destas e a súa integración efectiva no currículum deseñaranse e levaranse a cabo tarefas de aprendizaxe integradas.
- Co fin de fomentar o hábito de lectura e mellorar a comprensión lectora, o centro conta cunha sesión diaria de media hora para a lectura que se fará despois do recreo . Esta lectura, aínda que algo dirixida, tratará de ser o máis libre posible para iniciar o hábito lector no alumnado e posibilitar o goce e o disfrute coa lectura. Tratarase de que sexan textos variados: contos, poemas, noticias... en diferentes soportes.
- Inicialmente traballarase na aula colocada en “u” para facer a avaliación inicial do alumnado e dirixir o reforzo e apoio hacia aqueles alumnos que máis o precisen.
- Traballarase na aula seguindo o protocolo COVID en grupos estables de convivencia .
- Potenciarase na medida do posible o traballo cooperativo na aula, a través de varias metodoloxías baseadas no traballo en grupo (recollidas do artigo “El aprendizaje cooperativo: algunas ideas prácticas” de Pere Pujolás). As aulas dividirase en tres ou catro equipos heteroxéneos en

canto ás capacidades e características do alumnado.

Algunhas técnicas de aprendizaxe cooperativa que empregaremos son :

- A técnica TAI : Nesta técnica non hai ningún tipo de competición, combina a aprendizaxe cooperativa coa instrucción individualizada: todos os alumnos traballan sobre o mesmo, pero cada un deles seguindo un programa específico.
- A Tutoría entre Iguais (“Peer Tutoring”)

Este recurso sustentase na colaboración que un alumno dispensa a un compañeiro de clase que demanda axuda. Trátase de grupos de dous onde un deles é tutor e o outro demanda o apoio.

- Rompecabezas ou grupos de investigación (“Jigsaw”)

Dividimos a clase en grupos heteroxéneos de 4 ó 5 membros cada uno. O material obxecto de estudio fraccionase en tantas partes como membros ten o equipo. Cada un deles explica ao grupo a parte que lle tocou preparar.

Ademais do traballo en grupo, tamén haberá momentos de traballo individual , que nos permitan traballar os diferentes EA e avanzar no currículo das diferentes áreas e competencias.

O enfoque metodolóxico que recolle esta Proposta curricular organízase en tres grandes bloques:

- **Modelos metodolóxicos.** Refírense aos diferentes contextos de ensinanza-aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois, nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis deles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa.
- **Principios metodolóxicos.** Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible de cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque complementáanse e poden convivir en gran parte das actividades.

- **Agrupamento.** É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que os alumnos aprendan a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir responsabilidades persoais e de grupo, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos, finais ou parciais que persigan.

No caso dunha **actividade lectiva semipresencial** seleccionaranse os contidos con maior peso e aqueles que requiran máis tempo de explicación ou aclaración de dúbidas. Polo contrario, aqueles nos que o alumnado pode ter unha maior autonomía para a súa aprendizaxe deixaranse para a ensinanza a través da aula virtual do centro.

Neste nivel aínda é necesario a aprendizaxe experimental e manipulativa, sobre todo na área de Matemáticas, para ir adquirindo aprendizaxes, polo tanto se se contemplase unha **actividade lectiva non presencial** vincularanse nas distintas unidades propostas, actividades que permitisen, tamén na casa, manipulación e observación.

Para aqueles alumnos que necesiten apoio, mostren dificultades na consecución dos contidos mínimos ou nos que o seu ritmo sexa máis rápido e avanzado levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Adaptación das tarefas propostas as súas necesidades e dificultades de aprendizaxe.
- Realización de tarefas individuais co fin de reforzar os contidos mínimos que faciliten a súa adquisición.

Por outra banda elaboraranse, na aula virtual, un banco de recursos correspondentes a cada área con diferentes niveles de dificultade.

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Identificar e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións da vida cotiá.
- Ler, escribir e ordenar números enteiros.
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.
- Realizar operacións e cálculos numéricos.
- Iniciar o concepto de multiplicar.
- Coñecer o litro, metro e kilogramo como medidas de capacidade, lonxitude e peso.
- Coñecer as unidades de básicas de medida do tempo.
- Coñecer o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
- Discriminar triángulo, cuadrado, rectángulo e círculo.
- Distinguir os conceptos de lado e vértice dun polígono.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Explica o proceso para resolver un problema.
- Le, escribe e ordena números ata o 999.
- Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
- Interpreta en textos numéricos números ata o 999.
- Descompón números ata o 999.
- Inicia o concepto de multiplicación.
- Realiza cálculos numéricos coas operacións de sumas e resta con levadas na resolución de problemas.
- Coñece o litro, metro e kilogramo como medidas de capacidade, lonxitude e peso.
- Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais (hpras enteiras e medias).
- Coñece o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
- Recoñece e identifica as formas planas.

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.
- Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da vida cotiá.
- Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo.
- Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.
- Producir textos sinxelos aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.
- Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
- Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.
- Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
- Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
- Comprende forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo.
- Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
- Lee en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados a súa idade.
- Identifica o tema dun texto sinxelo.
- Escribe con correccións ditados que recollen dificultades ortográficas traballadas.
- Escribe correctamente con maiúscula empregando tamén as normas básicas de puntuación (final).
- Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
- Utiliza sinónimos e antónimos.

- Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
- Utiliza unha sintaxe básica na producións escritas.
-

PLÁSTICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades. E texturas.
- Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.
- Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel...).
- Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Recoñecer as partes principais da figura humana.
-

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
- Identifica diferentes formas de presentación do espazo.
- Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado...
- Realiza correstamente mesturas de cores primarias.
- Clasifica e ordena as cores primarias e secundarias.
- Coñece a simboloxía de cores frías e cálidas.
- Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.

Tendo en conta a situación, **os criterios de cualificación** establecidos para ditas áreas son:

- 35% Resolución de tarefas tanto orais (audios) como escritas.
- 40% Cumprimento e presentación: prazos de entrega, execución.
- 25% Actitude: participación e autonomía na realización de tarefas, atención a correccións e mellora segundo as observacións que se lle transmiten.

Con respecto aos **instrumentos de avaliación**, seleccionaranse diariamente, na aula virtual ou segundo o caso enviado por correo electrónico, unha serie de actividades nas que terán que enviar:

- Audios
- Fotografía de documentos escritos (exercicios do libro, fichas e probas de avaliación de contidos)

Estas probas correxidas e comentadas, reenviaranse de novo para que o alumno as teña en conta como proposta de mellora.

Os resultados serán recollidos en táboas de rexistro atendendo aos criterios de cualificación anteriormente exposto.

7.2. Temporalización

Nas áreas de Linguas e Matemáticas os estándares de aprendizaxe desenvolveráanse en nove unidades didácticas integradas (1 por mes) segundo establecen os libros de texto.

Os contidos organízanse alternando pequenos bloques en cada unha das linguas , convivindo de xeito natural , como acontece día a día na aula .

As tarefas integradas son propostas de actividades relacionadas entre sí cun enfoque competencial.

A temporalización específica recóllese na Programación de Actividades e Tareas.

7.4.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial desenvolverase nos quince primeiros días de curso. Consistirá na análise dos coñecementos previos do alumnado a través de asembleas, postas en común e probas escritas de resume dos contidos do curso pasado. Partirase ademais dos resultados obtidos no curso pasado e dos datos obtidos dos mestres que xa traballaron co alumando. Como consecuencia dos resultados adoptaranse medidas de reforzo e apoio para o alumando cun ritmo máis lento de aprendizaxe e con contidos previos aínda non asentados ou esquecidos.

7.5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos didácticos:

En canto ós recursos precisos para pór en práctica a programación, temos que distinguir entre recursos materiais tanto para o alumnado como para o profesorado e recursos humanos. Entre os primeiros cabe salientar:

- Material didáctico: Láminas, libro de texto, cadernos con propostas de avaliación, de atención a diversidade (reforzo e ampliación) , actividades para días especiais, actividades de aprendizaxe cooperativa.
- Material audiovisual: escáner, impresora, ordenador con conexión a internet, cámara dixital, cámara de vídeo, pizarra dixital, DVD, monitor de televisión, programas interactivos, CD-ROM variados con recursos para o profesorado.
- Material de expresión plástica: lapis, ceras, témperas, cartolinas, papel

cebola, celofán, goma eva, tesoiras, pegamento, folios...; musical (instrumentos musicais, cancións...).

- Outros *materiais curriculares* serían aqueles libros de texto e materiais editados que se empregan na aula por parte do mestre ou do alumnado, xa sexan impresos, informáticos ou audiovisuais
- Recursos naturais do contorno.
- Espacios e recursos do centro: biblioteca do centro e de aula, aula de audiovisuais, aula de informática, salón de actos, ximnasio...

8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade non debe entenderse como un feito que está aí nas aulas ou como un factor que condiciona o ensino, senón tamén como un contido, isto é algo que se debe ensinar na escola (ensinar a comprender, a respectar e a comportarse eticamente con aqueles que son diferentes a nós, cales queira que sexa ese “nós”) e en tanto que se queira que a sociedade do futuro séxao de cidadáns e cidadás respectuosos coas diferenzas.

A diversidade non ten que ver soamente cos alumnos con necesidades educativas especiais, cos doutras culturas,etc. A diversidade é unha característica de todos os alumnos e alumnas. Así, a resposta educativa ante a diversidade, debe rexerse polo principio de individualización da ensinanza.

A forma de ensinar, de organizar e de adaptar o espazo e os recursos didácticos, a agrupación dos alumnos, a elección do nivel de axuda necesario para cada alumno no seu proceso de construción da aprendizaxe,etc. son elementos da acción docente que deben ser orientados a situar as novas aprendizaxes ao alcance de cada alumno/a e que se atopan analizados ao longo destas orientacións didácticas e para a avaliación.

Ao fío do descrito anteriormente, como en principio no presente curso hai

discentes con NEAE , debemos ter en conta que cada alumno/a precisará en determinados momentos axuda individualizada que temos por obriga atender. Neste grupo hai un alumno diagnosticado con TEA que non acadou os obxectivos de nivel pero promocionau ao curso seguinte con materias pendentas (lingua castelá e galega e matemáticas).

Foi valorado polo departamento de orientación durante o curso solicitando unha valoración por parte do **Equipo de Orientación Específico** no mes de marzo . A promoción ao 2º nivel estivo fundamentada na avaliación ordinaria do mes de xuño de 2021 :

.- Na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio , de educación-LOMLOE- que volve a establecer unha organización cíclica para a etapa de educación primaria(art 18).

.-Tendo en conta tamén a **Orde de 9 de xuño de 2019** pola que se regula a a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria e na que no art.6.4 establece que “ a repetición considerárase unha medida de carácter excepcional “ .

.- En vista da súa integración no grupo-clase xa que era un grupo reducido (12 alumnos) favorecendo unha intervención personalizada .

No curso anterior, recibiu sesións de intervención, fóra da aula, por parte de mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (5 sesións) , e a de Audición e Linguaxe (3 medias sesións) . Os reforzos que recibe tanto de PT como de AL tiveron lugar dando o comenzo da súa escolaridade na etapa de educación infantil. Recibe plan de reforzo e asistencia puntual da persoa coidadora do centro. Ao fío do descrito anteriormente, como en principio no presente curso hai discentes con NEAE , debemos ter en conta que cada alumno/a precisará en determinados momentos axuda individualizada que temos por obriga atender.

Ao fío do descrito anteriormente, como en principio no presente curso hai discentes con NEAE , debemos ter en conta que cada alumno/a precisará en determinados momentos axuda individualizada que temos por obriga atender.

➤ Medidas organizativas:

- Adecuación de tempos e horarios para alumnos con distintos ritmos de traballo
- Espazos diferenciados
- Uso de materiais e recursos didácticos diferenciados
- Apoio e reforzo a algúns alumnos e alumnas con dificultades, tanto dentro da aula como fóra da aula, se fose necesario ó longo do curso.
- Disporanse de períodos curtos de atención individualizada, para que haxa mais adaptación, incluso repetir exercicios de forma variada hasta ter unha memoria do realizado.
- Incidirase sempre na aprendizaxe sen erro, dándolles toda a axuda, de forma que entendan a actividade enteira para levala a cabo, de forma natural.
- Adaptarase a cantidade de traballo a desenvolver na aula ás súas necesidades, podéndose reducir o que se considere oportuno en canto a número de actividades para traballar.

➤ Medidas curriculares :

- Non están previstas para este curso medidas curriculares extraordinarias, pero o contacto entre os diferentes especialistas e o departamento de orientación determinará ao longo do curso que alumnos con NEE asistan a sesións de Audición e Linguaxe e a reforzo de Pedagogía Terapéutica e si sería preciso ao longo do curso de ter que aplicar algunha para un desenvolvemento óptimo.
- Farase un plan de reforzo para o alumno repetidor e outro para o alumno con materias pendentes .

9.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das asignaturas de cada curso, a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as asignaturas.

Fomentarase a **calidade, equidade e inclusión educativa** das persoas con discapacidade, a **igualdade de oportunidades** e non discriminación por razón de discapacidade.

Fomentarase o desenvolvemento dos valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero**, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a **liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia**.

Potenciarase o desenvolvemento sostible e o coidado do **medio ambiente**.
Ensinaranse os **riscos derivados da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación**, así como a **protección ante urxencias e**

catástrofes.

Fomentárase na aula o desenvolvemento e afianzamento do **espírito emprendedor** a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e da **seguridade vial** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a de as vías, en calidade de peón , persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e os seus secuelas.

10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Desenvolveranse ao longo do curso diversas actividades complementarias e extraescolares:

As actividades extraescolares son organizadas pola ANPA e polo CONCELLO e dependen do número de alumnos/as que se preescriban . Este ano tendo en conta as medidas sanitarias do protocolo COVID están ofertadas unha serie de actividades que se intentarán levar a cabo si a situación o permite

Conmemoracións

- 24 de outubro 2021 : *Día da Biblioteca.*

-20 de novembro de 2021: *Día Universal da Infancia.*

– 25 de novembro de 2021: *Día Internacional contra a Violencia de Xénero.*

– Do 30 de novembro ao 7 de decembro : *conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.*

- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Saídas escolares

Seguindo as recomendacións sanitarias realizaranse na medida do posible actividades ao aire libre : saídas a contorna, praia etc (realización de distintas actividades relacionadas co proxecto interdisciplinar de centro : Un mar de oportunidades traballando a reciclaxe , sostibilidade e facendo mención a “Muller no mar”

- Visitas a Teatro Afundación de Vigo , acceso a espectáculos programados e a NaturNova como centro interactivo de Educación Ambiental.
- Visitas: museo do mar no concello de Vigo no que amosa o tránsito marino percorrendo tres ecosistemas :costa, ría e illas atlánticas (Illa Cíes).

Saídas a contorna

- Visita á Praia e rutas de senderismo pola contorna
- Compra (visita)no supermercado

Festivais.

- Festas do outono: Samaín(última semana de outubro) e Magosto (primeiras semanas de novembro)
- Celebración do Nadal (decembro) Dramatización dun conto de Nadal
- Entroido, semana do Meco (febreiro).
- Festival de fin de curso. Dramatización dunha canción infantil.

Tamén se conmemorarán todas aquelas datas especiais que vaian xurdindo ao longo do curso, como por exemplo saídas as tendas do entorno, auditorio, etc.

Outras actividades:

- Actualización da páxina web
- Visita semanal á biblioteca do centro ; rexistro das lecturas no lectómetro
- Visita semanal á aula de informática

11.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

O profesorado e o alumnado de 2ºEd. primaria, contribuímos ao desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos que se levan a cabo no centro, colaborando cos distintos Equipos de traballo no Proxecto Interdisciplinar: “ **Un mar de oportunidades**”

De cara ao curso 2021-2022 centraremos a nosa atención na diversidade e o diálogo intercultural, poñendo en valor o noso patrimonio material e inmaterial. Pretendemos traballar coa nosa comunidade escolar partindo da diversidade para acadar unha humanidade plural, na que a sostenibilidade da paz dependa dos dereitos humanos como símbolo principal da nosa vida en común.

O tema do proxecto interdisciplinar para o vindeiro curso vai ser “**Un mar de oportunidades**”. *Dito proxecto será unha continuación dun proxecto* elaborada pola ANPA “A IGUALDADE: UN MAR DE OPORTUNIDADES” onde se realizarán distintas acción para tratar a igualdade e previr a violencia de xénero arredos de demáticas das mulleres do mar de Baiona , a formación sobre o uso adecuado de internet e das novas tecnoloxías , as novas masculinidades para romper con micromachismos e os comportamentos machistas adquiridos polos estereotipos.

As acción previstas inclúen , entre outros, : traballos de investigación coas familias para recompilar información e fotografías sobre as mulleres con actividades relacionadas co mar vinculadas co alumnado (tanto en activo como xubiladas) para explicarlle ao alumnado como é o seu traballo, amosando as ferramentas empregadas e contando anécdotas e desigualdades vividas por seren mulleres; xornadas de formación para as familias sobre o uso seguro e responsable das TIC; charlas e obradoiros sobre o papel fundamental da muller do mar para a sustentabilidade dos recursos mariños e para a economía; sobre

as novas masculinidades e para visibilizar as mulleres científicas contemporáneas e despertar a vocación investigadora entre o alumnado.

O proxecto arrancará co inicio do curso e rematará o 25 de novembro de 2021 (o día internacional da Violencia de Xénero).

Posteriormente seguirase traballando co mesmo lema de “Un mar de oportunidades” enfocando cara a sensibilidade ambiental cunha vocación clara de RECICLAXE E SOSTEBILIDADE ...concienciación da importancia da recollida activa de lixo mariño ou mediante o fomento de cambio de hábitos para deter a progresión do problema .

Para este obxectivo, unificamos o **Proxecto Lector**, o **Proxecto de Dinamización Lingüística** e o **Plan de Convivencia** do centro.

Faranse grupos de traballo entre o profesorado do centro para un traballo equitativo do mesmo, potenciar a coordinación docente e a participación de toda a comunidade escolar.

O grupo de segundo participa tamén no Proxecto de VOZ NATURA Para o curso 2021-2022 pretendemos continuar e ampliar os coñecementos sobre as distintas plantacións dentro e fora do invernadoiro, ampliálo a plantas aromáticas, medicinais e flores..

A idea de elaborar un xardín de plantas aromáticas e medicinais saíu dos nenos e nenas ante a recollida das hortalizas e verduras plantadas do ano anterior, xa que desprendían olor e decidimos investigar sobre aquelas plantas aromáticas.

Ademáis debemos destacar que o **Decenio das Nacións Unidas da Agricultura Familiar (2019-2028)** ten como obxectivo fomentar a agricultura familiar, xa que ofrece a oportunidade de garantir a seguridade alimentaria, xestionar os recursos naturais e lograr un desenvolvemento sostible. Polo que a idea é que familias do noso alumnado podan participar e aportar coñecementos aos nenos e nenas.

❖ PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

As novas tecnoloxías son unha ferramenta facilitadora do proceso de ensinanza- aprendizaxe:

- Conectan coa sociedade e coas súas demandas, son polo tanto moi útiles na vida social e laboral futura.
- Actualizan as novos métodos de aprendizaxe.
- Posúen un alto compoñente motivacional.
- Aumentan a participación e interacción na aula.
- Promoven a creatividade e mudan por completo o rol tradicional do mestre.

No 2º curso de Primaria participaremos en actividades tanto para reforzar as materias do curso como na participación nas tarefas previstas no proxecto común de centro e dos Equipos de Dinamización do centro:

- Iniciar e rematar sesión co ordenador de forma correcta.
- Uso do rato, teclado, uso de CDs, procura de información axeitada para a idade dos rapaces en internet.
- Selección de iconas do escritorio para executar programas.
- Aprender o manexo de programas de tratamento de texto.
- Realizar actividades na LDI.
- Visualización de videocontos de introducción ás Unidades Didácticas.
- Reprodución de vídeos educativos para ampliar a información das unidades didácticas.
- Reforzar aspectos didácticos a través de xogos e actividades propostas na páxina web do centro.

- As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituir unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino das diferentes áreas, así como un

instrumento de traballo. O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización é a consecución da competencia dixital, que consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información. Incorpora diferentes habilidades que van desde o acceso à información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada.

- Por último, dicir que empregaremos todos os recursos educativos que nos ofrece internet: xogos educativos, libros LIM... nos que se traballará o razoamento lóxico, lectura, escritura, cálculo...para así reforzar as aprendizaxes realizadas na aula. Tamén usaremos a pizarra dixital.

➤ **Proxecto lingüístico**

O equipo de dinamización da lingua galega no seu proxecto de uso do galego no centro proxecta unha serie de actividades para a promoción do galego no alumando.

➤ **Plan lector**

O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura. Dende as nosas aulas incluiremos:

Traballos dentro da Biblioteca de aula

Lectura de contos por parte de mestra

Dramatización dos contos

Creación de contos a partir de ideas dos alumnos....

Uso da biblioteca de centro a través de contacontos e actividades de préstamo.

Involucraremos ás familias para que colaboren en traballos coordinados pola aula a partires dos libros de préstamo.

Actividades coordinadas coa biblioteca do concello.

Información ás familias a través de guías de lectura.

Traballo nos distintos tipos de textos adaptados á idade dos nenos: comics, poesía...

Potenciar a lectura en distintos soportes: ordenador, pantalla dixital.

Sesións de contacontos e teatro.

A hora de lectura levarase a cabo durante media hora no momento que o profesor considere oportuno por acordo do claustro.

➤ **Proxecto de convivencia**

A educación para a convivencia reponde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesmo, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

As finalidades da convivencia no segundo curso son:

- Mellorar o clima escolar
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos.
- Respecto ás demais persoas.
- Respecto ás cousas e ó mobiliario.
- Tolerancia crítica.
- Convivencia e solidariedade entre as persoas.
- Os principios básicos de participación e democracia.
- O respecto a: dereitos humanos, medio ambiente, igualdade de oportunidades e ó valor da equidade.
- Preparar para a vida adulta.
- Tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos dun xeito non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
- Impulsar no centro programas de prevención da conflictividade e da violencia, promovendo a posta en práctica de accións que redunden na mellora do clima escolar.

Contribuiremos tratando de conseguir na aula un ambiente de amabilidade e afectividade entre profesor e alumnos, pero tamén de firmeza á hora de manter as normas.

Axudaremos ao alumnado a resolver os conflitos a través do diálogo, a escoita dos demais, o pórse en lugar do outro e a comprensión.

Favoreceremos o respecto e a valoración do traballo propio e do alleo.

Favoreceremos a idea de que todos temos erros e que é a partires deles podemos aprender, pero tamén a idea de que non podemos caer todos os días no mesmo erro, senon que é preciso o esforzo diario para progresar na aprendizaxe.

Favoreceremos a aprendizaxe cooperativa como maneira de vencer xuntos as dificultades na aprendizaxe.

12- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Para avaliar a práctica docente empregaremos a seguinte escala :

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas ?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

ANEXO 1 ---RÚBRICAS

Rúbrica do uso do sistema monetario do euro

Sobresaínte	Notable	Ben	Mínimo Suficiente	Insuficiente
Coñece a función dos billetes e moedas en situacións reais e en contextos figurados.	Coñece a función dos billetes e moedas en situacións reais e algunhas veces en contextos figurados.	Coñece a función dos billetes e moedas en situacións de contexto real.	Coñece a función dos billetes e moedas.	Non coñece a función dos billetes e moedas.
Coñece o valor de todas as	Coñece o valor de case todas as	Coñece o valor de algunhas moedas e	Coñece o valor de alomenos dúas	Non coñece case ningún billete nin

moedas e billetes.	moedas e billetes.	billetes	moedas e dous billetes	moedas
Resolve problemas sobre cartos en situacións figuradas, sen telos diante.	Resolve problemas sobre cartos en situacións reais.	Resolve problemas sobre cartos en situacións reais con axuda	Iniciase na resolución dalgúns problemas sobre cartos en situacións reais	Non resolve problemas de cartos.
Conta os cartos con exactitude	Conta os cartos con mínimos erros.	Conta os cartos pero falla varias veces.	Iniciase no contado dos cartos	Non conta cartos.
Sabe dar as voltas dun pago con exactitude en situacións reais e figuradas	Sabe dar as voltas dun pago con mínimos erros en situacións reais e figuradas.	Sabe dar as voltas dun pago en situacións reais.	Iniciase na devolución.	Non comprende a devolución.

Rúbrica de expresión oral : falar e escoitar

<u>Pronunciación.</u>	Fonéticamente correcta. Prácticamente, libre de erro Pronuncia correctamente todos os fonemas. Fala despacio e claro.	Comprensible, Xeralmente correcta. Erros ocasionais. Fala con claridade	Algúns erros frecuentes que confunden.	Moitos erros que dificultan a comprensión Pronuncia mal algúns fonemas	Fala rápido e non se entende. Moitas expresións son incomprensibles. Escasa comunicación.
<u>Fluidez</u>	Fluidez. Soltura. Rápido e continuo. Pausas naturais. Entoación Volumen Xestos	Dudas ocasionais, búsqueda de palabras.	Vacilante, dubitativa. Pode reformular e responder	Dubidas frecuentes falta de vocabulario.	Non completa as expresións.
<u>Sintaxe</u>	Ningún erro gramatical nin	Máximo de dous erros	Erros frecuentes.	Moitos erros (concordancia,	Estructuras son incorrectas

	Sintáctico	sintácticos. Erros menores que non impiden a comunicación.	Autocorrección de algúns.	formas verbais). Erros en estruturas básicas	
<u>Vocabulario</u>	Moi bo e extenso. Usa palabras e expresións apropiadas e novas.	Vocabulario bo e apropiado.	Vocabulario suficiente para responder. Ningún intento de variar expresións. Voc básico.	Vocabulario inadecuado ou uso incorrecto de ítems léxicos. Dificultade de comunicación	Respostas de unha ou dúas palabras. Vocabulario repetido
<u>Comprensión</u>	Contesta oralmente todas as preguntas. Entende a lectura	Contesta a maioría das preguntas. Bo entendemento	Contesta correctamente só algunhas. Entende so partes	Contesta pouco, Entende só algunhas partes.	Non contesta e non entende
<u>Escoita</u>	Participa activamente en diálogos e exposicións. Respecta o turno.	Participa activamente en diálogos e exposicións con axuda	Participa en diálogos pero non sempre escoita	As veces non respecta o turno	Non escoita nos diálogos

Rúbrica de lectura

Ritmo de lectura	O alumno/a le todo o texto con ritmo e continuadamente, prestando atención ós signos de puntuación dividindo o texto en frases con sentido.	O alumno/a le a maior parte do texto con ritmo prestando atención ós signos de puntuación.	A lectura é unhas veces rápida e outras con pausas lentamente. Non ler.	Le con grandes pausas e lentamente.
Nº de palabras por minuto	+90	Entre 75 e 90	Entre 50 e 75	Menos de 50
Expresividade e entonación	O alumno/a le todo o texto con adecuado cambio de entonación e expresividade, comprendendo o que le.	O alumno/a le a maior parte do texto cambiando adecuadamente a voz e entonación para buscar o significado.	O alumno/a le o texto con cambios de tonalidade e expresividade que non se axustan ó significado do texto.	Le o texto dun modo monótono sen entonación nin expresividade.
Pausas	Fai as pausas correspondentes para rematar as frases ou atender	Le a maior parte do texto facendo as pausas correspondentes para rematar	Fai poucas pausas para rematar as frases e atende pouco ós signos de	Non fai pausas na lectura.

	ós signos de interrogación e exclamación.	as frases ou atender os signos de interrogación e exclamación.	interrogación e exclamación.	
Seguridade	O alumno/a le todo o texto relaxado e confiado no seu nivel de lectura e corríxese facilmente calquera erro que comete.	O alumno/a le case todo o texto relaxado e confiado no seu nivel de lectura e mostrase confundido con calquera erro que comete.	O alumno/a móstrase ás veces nervioso e confundido cos erros.	Non ten seguridade ó ler.

15.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE DA MESTRA DE PT E AL

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA)

2º Ed. Primaria

No presente curso escolar 2021-22, catro alumnos con NEAE recibe apoio específico da especialista de Pedagogía Terapéutica. Ao longo do curso, poderá ir modificándose o apoio en función dos progresos acadados e das necesidades que poidan xurdir. O meu horario lectivo está cuberto con atención directa ao alumnado, agás unha sesión de Dinamización EDL e unha sesión semanal para reunirme coa especialista de Audición e Linguaxe e a Orientadora. Nesta reunión comentaremos os aspectos máis importantes sobre o alumnado que atendemos. Debido a falta de

horas dispoñibles para manter reunións coas titoras e co resto do profesorado, será a Orientadora a encargada de transmitirnos a información necesaria achegada polo resto do profesorado e das familias, e tamén lles comunicará a eles os temas tratados e os acordos acadados nesta reunión semanal. Sería moi interesante que a estas reunións acudise o profesorado que teña interese en compartir información ou materiais específicos, así como buscar solucións a situacións delicadas que poidan xurdir en momentos puntuais.

Ademáis destas sesións é necesario manter reunións periódicas, polo menos unha ao mes, co equipo docente do alumnado con NEAE para traballar de xeito coordinado.

Débese empregar unha metodoloxía conxunta, altamente motivadora. Os contidos hai que traballalos de xeito global e empregar todos os recursos materiais e persoais necesarios para acadar os obxectivos marcados. Os métodos multisensoriais son os máis eficaces para acadar uns bos resultados a nivel persoal e académico. Hai que ter moi en conta que o máis importante é que o alumnado alcance un nivel de autonomía e socialización axeitado, que lles permita valerse por sí mesmos no día a día.

Tendo en conta a Lei de protección de datos e a Lei do menor, os programas de intervención específicos destes alumnos están custodiado polo Xefe do Dpto de Orientación do centro. Nos programas desenvólvense os aspectos a traballar ao longo do curso, en función das necesidades do alumnado e o currículo de 2o de Ed. primaria. Centraremos a nosa atención nos seguintes aspectos:

- Traballar as habilidades sociais, centrando a atención na linguaxe, así como o autocontrol das emocións e das súas propias accións.
- Trataremos de reducir a impulsividade e conseguir máis momentos de concentración e atención no que está a facer, sobre todo cando se empregan medios tecnolóxicos.
- Continuar co xogo simbólico e interactivo tanto cos adultos como cos seus iguais.
- Traballar a psicomotricidade acompañado da música e dos instrumentos musicais.
- Empregar os recursos e materiais mercados para a biblioteca inclusiva.

- Iniciar un proceso de aprendizaxe das emocións e as sensacións empregando o material multisensorial co que contamos no centro.
- Empregar todos os nosos recursos , así como unha metodoloxía adaptada para dar resposta as súas necesidades.

Ao longo do curso estableceremos as condicións necesarias para o aprendizaxe da **lecto-escritura**:

Nocións espaciais.

Memoria inmediata.

Correcta articulación.

Factores espacio-temporais. Ritmo.

Capacidade de simbolización. Análise-síntese. Figura-fondo.

Habilidades grafomotoras: destreza das mans e os dedos, coordinación óculo-manual, adquisición e control de trazos rectos, curvos e figuras xeométricas.

Memoria secuencial.

Vocabulario.

Daremos moita importancia á **psicomotricidade**:

Configuración do esquema corporal.

Coordinación: ritmo, movemento e desprazamentos.

Equilibrio: tonicidade, control postural, estruturación espacial e temporal. Respiración: xogos respiratorios e relaxación.

Percepción: discriminación auditiva, xogos perceptivos-motores.

Contrastes de sensacións e situacións.

Creatividade: xogo creativo, simbólico, educativo e dramático.

Comunicación: relación e xogos de comunicación.

*Terapia visual: exercicios de estimulación visual para o control dos movementos oculares.

Reforzo nas áreas instrumentais

Matemáticas:

- Os números naturais ata o 999.
- Series numéricas anterior e posterior.
- Figuras xeométricas.
- Suma e a resta sen e con levadas.
- Inicio da multiplicación.

Lingua:

- Discriminación e identificación auditiva do son.
- Reeducación das dislalias.
- Discriminación visual da grafía en palabras.
- Exercitación da grafía para dominar o trazo.
- Asociación grafema/fonema.
- Recoñecemento e lectura das vogais e grupos vocálicos, e as consoantes.
- Tipos de letras: asociación dun fonema con diferentes tipografías.
- Sílabas directas e inversas.
- Formación e lectura de palabras e frases curtas.
- Fomento da creatividade e a imaxinación
- Comprensión e expresión oral e escrita.
- Velocidade lectora.
- Ortografía.

Observacións:

Por mor da pandemia debido á Covid-19, teremos que ser moi estritos coas medidas de hixiene e distancia social e poñernos en todas as situacións posibles:

No caso de manterse as clases presenciais sería máis seguro e hixiénico realizar o apoio na aula específica que no centro hai de pedagogía terapéutica, xa que é máis doado levar a cabo as medidas de hixiene e distancia social, pois estarían só os alumnos coa mestra e todo o material é desinfectado antes e despois de cada uso, así como a correcta ventilación da estancia. Ademais nese aula hai moito material específico multisensorial, tecnolóxico, de psicomotricidade... altamente motivador que axudaría a manter a súa atención e concentración acadando mellores resultados en menos tempo.

De facer os apoios dentro da aula ordinaria faremos o posible para cumprir as normas do protocolo Covid do centro.

De darse o caso de clases semipresenciais ou non presenciais estableceríamos un programa de traballo

coordinado coa familias, mantendo unha comunicación
fluida a través do correo electrónico

e videochamadas, así como a aula virtual do centro, tratando de
atender as necesidades do alumnado e das familias na medida
das nosas posibilidades.

Especialista en Pedagogía Terapéutica M.a Lourdes
FernándezRuiz.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (AUDICIÓN E LINGUAXE) 2021/22

No curso de 2º E.P. nunha primeira previsión, probablemente precisen apoio específico de Audición e Linguaxe, 3 alumnos con NEAE, sen poder determinar polo de agora, o número de sesións semanais. Ao longo do curso, o apoio poderá ser susceptible de ir modificándose según os progresos obtidos e necesidades que poidan xurdir.

O meu horario lectivo está cuberto con atención directa ao alumnado, agás unha sesión de Dinamización EDL e unha sesión

semanal para reunirse coa especialista de Pedagogía Terapéutica e a Orientadora. Nesta reunión comentaremos os aspectos máis importantes sobre o alumnado que atendemos. Debido á falta de horas dispoñibles para manter reunión coas titoras e co resto do profesorado, será a Orientadora a encargada de transmitirnos a información necesaria achegada polo resto do profesorado e das familias, e tamén lles comunicará a eles os temas tratados e os acordos acadados nesta reunión semanal. Sería moi interesante que a estas reunións acudise o profesorado que teña interese en compartir os materiais específicos, así como buscar solucións a situacións delicadas que poidan xurdir en momentos puntuais. Ademais desas sesións é necesario manter reunións periódicas, polo menos unha ao mes, co equipo docente do alumnado con NEAE para traballar de xeito coordinado.

O programa de intervención específico destes alumnos, según a Lei de protección de datos e a Lei do menor, estará custodiado pola Xefa do Departamento de Orientación do centro. No programa quedan reflectidos os aspectos a traballar ao longo do curso, en función das necesidades do alumnado.

Os prerequisites básicos para a adquisición da linguaxe: atención, imitación, memoria e seguimento de instrucións, son esenciais para consolidar os obxectivos que a continuación se mencionan.

*Mellorar a capacidade articulatoria facilitando a mobilidade dos órganos fonadores e as competencias sociais da linguaxe.

- Conseguir a relaxación do alumnado controlando a súa respiración e sopro.
- Mellorar a súa discriminación auditiva e fonemática.
- Obter unhas praxias orofaciais idóneas.
- Fomentar o uso adecuado das diferentes combinacións silábicas.
- Completar o cadro fonolóxico.
- Enriquecemento lexical.
- Mellorar a lonxitude media do enunciado.
- Consolidar a lectoescritura.
- Asegurar unha autoestima positiva e equilibrada.

Todos estes puntos desenvolveranse dentro das seguintes áreas.

Bases anatómico funcionais: respiración-sopro e mobilidade dos órganos fonadores.

As áreas máis específicas abranguen:

- Área fonético-fonolóxica.

- Área léxico-semántica: vocabulario, ordes e comprensión.

- Área morfosintáctica: sintaxis e secuencia temporal.

- Área pragmática.

Indicar que ante a situación sanitaria na que nos atopamos, debido á Covid-19, e ao igual que no curso anterior, seguiranse mantendo e cumprindo con todas as medidas de hixiene e distancia social. Poñerémonos en todas as situacións posibles:

-Mantemento das clases presenciais, realizarase o apoio na aula específica, xa que se manteñen todas as medidas hixiénicas e de distancia social dun xeito máis eficaz e seguro. Ademais, cóntase con material específico multisensorial, tecnolóxico...

-Clases semipresenciais ou non presenciais, estableceríase un traballo en coordinación coas familias, ben a través do correo electrónico, páxina web do colexio, así como a aula virtual do centro, intentando, dentro das nosas posibilidades, atender ás

necesidades do alumnado.

Fontes, setembro 2021
Especialista de Audición e Linguaxe
M^a Jesús González Alonso

Programació

n

Lingua Estranxei ra

2o

Curso(Primaria)

Curso 2021-22

Profesor:Francisco Javier
Rodríguez Cisneros

ÍNDICE

1-Introducción e contextualización.

2-Criterios de avaliación, contidos, obxectivos, actividades, metodoloxía e temporalización.

3-Criterios de avaliación ,estándares de aprendizaxe,competencias clave,instrumentos de avaliación e criterios de corrección.

4-Procedementos de avaliación.

5-Criterios de cualificación.

6-Directrices e instrumentos de avaliación inicial.

7-Medidas de atención a diversidade.

8-Programación da educación en valores.

9-Acción de contribución ao plan TIC.

10-Acción de contribución ao plan de convivencia.

11-Acción de contribución ao proxecto lector.

12- Acción de contribución ao proxecto lingüístico.

13-Mínimos esixibles e actividades de reforzo e de recuperación.

14-Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.

15-Actividades complementarias e extraescolares.

16-Procedementos para avaliar a propia programación.

1-Introdución , contextualización e xustificación da programación.

Introdución e contextualización.

Esta programación está baseada nas propostas teóricas estipuladas no Currículo Oficial de Educación Primaria para a área de Linguas Estranxeiras (Lei orgánica 8/2013 do 9 de Decembro, LOMCE desenvolvida na Comunidade Autónoma de Galicia no D 105/2014 do 4 de Setembro). Dita programación céntrase no primeiro curso de Educación Primaria. Dita programación céntrase no primeiro curso de educación primaria dun colexio rural da provincia de Pontevedra.

Xustificación

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente lei de educación (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflectidas neste proxecto.

A finalidade desta programación é conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola lei educativa, centrándonos, como é lóxico, na competencia de Comunicación lingüística, e facendo especial fincapé nas competencias Sociais e Cívicas, Aprender a aprender e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade, impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o

interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso.

2-Criterios de avaliación, contidos, obxectivos, actividades, metodoloxía e temporalización.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Tendo en conta que a educación inicial é cada vez máis determinante, é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar os obxectivos

propostos. En consecuencia, o establecemento de medidas para actuar sobre o currículo son imprescindibles para a mellora. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo está integrado polos obxectivos da etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo do persoal docente; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos,

áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade

O currículo está integrado por: obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación,os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis e a metodoloxía didáctica.

Por iso, é necesario coñecer os elementos que integran o currículo;cunha breve descrición:

- Obxectivos: os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como

resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

- Competencias: as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- Contidos: o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.
- Criterios de avaliación: o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos

coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

- Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- Metodoloxía didáctica: o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Obxectivos da educación primaria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

CONTIDOS

O currículo está estruturado para cada curso da etapa en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior

claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

Os contidos organízanse en 5 bloques :

- Bloque 1:Comprensión de textos orais
- Bloque 2:Producción de textos orais
- Boque 3:Comprensión de textos escritos
- Bloque 4:Producción de textos escritos
- Boque 5: Coñecemento da Lingua e consciencia intercultural.

O bloque 1 *Comprensión de textos orais* recolle diversos aspectos da comprensión oral. Nel abórdanse estratexias comunicativas necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camiño cara á adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira.

O bloque 2 *Producción de textos orais* aborda o desenvolvemento de habilidades de produción oral. A súa finalidade é dotar aos alumnos e ás alumnas de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados.

O bloque 3 *Comprensión de textos escritos* céntrase en aspectos da comprensión escrita. A adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvense progresivamente nos distintos cursos para que o alumnado poida adquirir os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.

O bloque 4 *Producción de textos escritos: expresión e interacción* expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral. A complexidade da expresión escrita require unha conexión estreita co correspondente traballo na lingua oral da lingua estranxeira e nas outras linguas das que incorporarán os procedementos básicos que dan coherencia, cohesión, adecuación e riqueza aos seus escritos.

O bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación.

Estos bloques de contidos non son compartimentos estanco,son só unha maneira de organizar os contidos, relacionalos cos criterios de a avaliación , cos estándares de aprendizaxe e as competencias clave.Do mesmo xeito traballaremos as 4 habilidades lingüísticas :**listening, speaking, writing, reading** ,

Metodoloxía

A metodoloxía que se usará ao longo deste proxecto será unha metodoloxía flexible e adaptada a cada alumno. Os alumnos serán o centro do proceso de ensinoaprendizaxe e procurarase

que en todo momento esa aprendizaxe sexa significativo, é dicir, que os alumnos aprendan das súas propias experiencias.

Por suposto, será un proceso centrado no alcance da competencia comunicativa pero seguindo o proceso de desenvolvemento das catro habilidades lingüísticas básicas: listening, speaking, reading e writing. Desde o punto de vista metodolóxico, os enfoques que se adopten deberán considerar os principios básicos que facilitan a aprendizaxe dunha lingua e cultura estranxeira a estas idades no contexto escolar. Partindo deste feito, fomentarase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbitos diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua. O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentarmos adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. A medida que o alumnado avance en idade, evolucionarase desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na

educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

COMPETENCIAS CLAVE.

As Competencias Clave son:

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro, e do profesorado, a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

INDICADORES

As competencias clave son moi xenéricas, polo que para lograr que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, debemos concretalas moito máis, descompoñelas, e é o que chamamos indicadores de

logro. Os indicadores para esta materia e este curso son os que se indican a continuación:

1.º Comunicación lingüística (CCL).

Indicadores
CCL1. ESCOITAR
CCL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
CCL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen en contextos comunicativos habituais.
CCL2. FALAR
CCL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.

CCL2.2. Recita retrosos, trabalinguas, pequenos poemas, etc. con entoación e pronuncia adecuadas.

CCL2.3. Participa en representacións sinxelas.

CCL3. CONVERSAR

CCL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación facilmente predicibles.

CCL4. LER

CCL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.

CCL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.

CCL5. ESCRIBIR

CCL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.

CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.

2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Indicadores
CM1. Conta números ata o 10.
CM2. Resolve problemas sinxelos.

3.º Competencia dixital (CD).

Descritores
CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

4.º Aprender a aprender (CAA).

Indicadores

AA1. Usa estratexias básicas para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais.

AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

AA3. Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar a comunicación con xestos, etc.

5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).

Indicadores

SC1. Participa e goza en xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.

SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Indicadores
CSIE1. Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.
.CSIE Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.

7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Indicadores
CA1. Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.
CA2. Realiza composicións plásticas sinxelas.
CA3. Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz.
CA4. Participa e goza en xogos e escenificacións.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización está secuenciada dunha maneira flexible e tendo en conta as festividades e o acontecementos para todo o curso.

Primeiro trimestre:

- Hello!
- Where's my baby?
- Fly,kite,fly!

- FESTivals: Happy Halloween and Christmas

Segundo trimestre:

- The enormous carrot
- The king of the jungle
- FESTivals: Peace Day and Happy Carnival

Terceiro trimestre:

- Chuck's new clothes
- Aziza's hat.
- Festivals.: Easter

EN CASO DE CONFINAMENTO, AS FERRAMENTAS A USAR SERÁN A AULA VIRTUAL ACCESIBLE DENDE A PÁXINA WEB DO COLEXIO E UN ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO QUE O PROFESOR PON Á DISPOSICIÓN DOS ALUMNOS PARA CONTACTAR EN

***CASO DE DÚBIDAS, MANDAR E CORREXIR EXERCICIOS
EXTRAS OU COMPLEMENTARIOS.***

***APARTE DOS LIBROS INTERACTIVOS QUE POSÚE A
ASIGNATURA.***

**3-Criterios de avaliación ,contidos,obxectivos,estándares
de aprendizaxe,competencias clave, instrumentos de
avaliación e criterios de corrección por curso primeiro
de primaria.**

CONCRECIÓN CURRICULAR: LINGUA ESTRANXEIRA

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO	
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	C. CLAVE
BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS					
Como criterios de cualificación para establecer as notas en cada unha das tres avaliacións en que se organizou o curso e na ordinaria final de curso e na extraordinaria de setembro, as probas escritas ponderarán un 40%, os traballos un 20%, as lecturas e as actividades diarias da clase un 40%, é dicir, teranse sempre en conta as cualificacións das actividades realizadas polo alumno ao longo de todo o curso escolar (avaliación continua), coa excepción daqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación por un número excesivo de faltas de asistencia á clase sen xustificar, nese caso a cualificación final só terá en conta a nota da proba escrita. Esta múltiple ponderación responde ao feito de que se pretende avaliar, é dicir, medir, todo tipo de contidos que se traballaron na clase ao longo do curso (conceptuais, procedementais e actitudinais). Os alumnos serán informados destas decisións a principios de curso.

6-Directrices e instrumentos de avaliación inicial.

A a avaliación inicial, basease na observación e interacción do alumnado. Para iso terase en conta os seus coñecementos previos.

7-Medidas de atención a diversidade.

Un dos elementos que máis potencia a LOMCE é a atención á diversidade. É evidente que una mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e os seus motivacións ante o ensino.

É por esta razón pola que, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma xeito, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente deberase atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa a partir das actividades suscitadas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben calibrar a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser consciente en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén se elaborarán actividades de reforzo, ampliación e consolidación que permiten dar unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. No noso proxecto inclúense ideas en todas as leccións para que o profesor dea resposta ás diversas situacións que se suscitan no aula.

8-Programación da educación en valores.

Os educadores e as educadoras temos a responsabilidade de dedicar esforzos a desenvolver comportamentos asociados a valores de respecto, de autodominio ou de xustiza. Ao longo do curso, e a través das propostas didácticas asociadas ao desenvolvemento das unidades, mencionaremos valores concretos, como, por exemplo, a austeridade no consumo, a discreción entendida como sensatez á hora de falar e obrar, a responsabilidade como conciencia de que os nosos actos teñen consecuencias, o autocontrol á hora de formular críticas ou realizar xuízos, o respecto á natureza e aos bens sociais, a perseveranza na realización de tarefas, a lealdade e o compañerismo ao participar en tarefas colectivas, etc.

Parece claro que debemos educar no coñecemento dos valores éticos e estéticos mencionados, desenvolvendo e facendo madurar ese «ollo axiológico». Polo que se refire ao traballo no aula, convén nomealos e describilos para que os nosos alumnos poidan «velos» e, ao cabo, sexan os soportes das súas accións, elixindo ademais os pasos adecuados para poñelos en práctica. Temos moitos exemplos na historia do que sucede cando as sociedades e as persoas actúan fóra da ética, xustificando as súas accións en desexos e conviccións, ata maioritarias. Bastaría esta razón, aínda que non teñamos conviccións achega da objetividade dos valores, para outorgarlles esa calidade a

algúns deles e transmitilos deliberada e sistemáticamente, como un legado firme sobre o que as nosas sociedades desenvólvanse e progresen de forma eficaz e sensata.

9-Acción de contribución ó plan TIC.

É importante que a escola creza en sintonía coa sociedade actual, porque así conseguiremos un equilibrio entre a aprendizaxe informal dos alumnos fose da contorna educativa e a aprendizaxe formal adquirido na escola.

Estes son algúns dos motivos polos cales débense utilizar as TIC no aula:

-Porque potencian un dobre tipo de aprendizaxe; por unha banda, máis individualizado, atendendo á diversidade, e por outro, tamén a unha aprendizaxe colectiva e colaborativo. - Porque transforman a metodoloxía do docente, que deixaría de ser un mero transmisor de contidos para pasar a ser un acompañante e formador do alumno na súa aprendizaxe. - Porque transforman a dinámica de aula que se xera traballando coas ferramentas TIC: a interactividad, como un dos elementos diferenciadores coa antiga escola, posibilita a maior motivación dos alumnos na súa aprendizaxe.

Utilizaremos recursos multimedia como:CD, ordenador ,canon, e recusus web educativos.

10-Acción de contribución ó plan de convivencia.

Utilizando a educación en valores dentro da aula contribuiremos o plan de convivencia,respectando ó compañeiro, esperar turno,respeto polos demais,paciencia ,tolerancia e repetando as normas básicas de convivencia

11-Acción de contribución ó proxecto lector

No desenrolo das unidades e nas distintas actividades e utilizando o aprendizaxe significativo contribuiremos ,utilizando distintos soportes ,libros, materiais multimedia.

12- Acción de contribución ó proxecto lingüístico.

No desenrolo das unidades e nas distintas actividades e utilizando o aprendizaxe significativo contribuiremos ,utilizando distintos soportes ,libros, materiais multimedia.

13-Mínimos esixibles e actividades de reforzo e de recuperación.

Real Decreto de Ensinos Mínimos establece que o ensino da Lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
4. Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
5. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.
6. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
7. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
8. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

9. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira.

Actividades de reforzo e consolidación

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. As actividades ás que nos referimos son as seguintes:

- Actividades extra no Teacher's Guide.
- Actividades opcionais no Teacher's Guide.
- As actividades propostas no Teacher's Resource CD-ROM:
 - Mixed Ability Worksheets: con 4 niveis diferentes de actividades:
 - Worksheet 1: Catch up: para revisión xeral.
 - Worksheet 2: Support: para consolidación extra.
 - Worksheet 3: Reinforcement: para práctica extra ao nivel do AB.
 - Worksheet 4: Extension: para un desafío maior.
 - Extra activity worksheets: *picture & word cards*, mini-libros, proxectos interdisciplinarios.
- As actividades propostas no Activity Book.
- **As actividades extra propostas no Activity Book:**

14-Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.

Uso de libros de texto, radiocasete, vídeo, cámara de vídeo, libros de lectura, ordenadores, fotocopias, tarxetas de vocabulario, posters, xogos confeccionados polo alumnado?obxectos e monicreques.

15-Actividades complementarias e extraescolares.

MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Celebración de Halloween,Christmas e Carnival como actividades complementarias.

16-Procedementos para avaliar a propia programación.

Para iso utilizando a observación,secuenciación contidos e actividades, vendo que se pode mellorar ou adaptala a novas necesidades dentro da aula.

Preguntandolle ó nenos se lles gustou a actividade, onde eles me avalian a min se lles gustou poñen unha cara contenta e senon pois unha cara triste.

Esta programación é flexible e activa, por tanto recollerranlle as propostas de mellora da propia avaliación.

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

MESTRE: Luis M^a Fernández Ruiz

INDICE

APARTADO	PÁX.
<i>INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN</i>	3
<i>INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....</i>	3
COMPETENCIAS CLAVE PARA ED. PRIMARIA.....	6
OBXECTIVOS PARA A ED. PRIMARIA.....	6
CARACTERÍSTICAS DA ED. FÍSICA NA PRIMARIA.....	8
BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE ED. FÍSICA	9
CONTRIBUCIÓN DA ED. FÍSICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	11
OBXECTIVOS XERAIS DA ED. FÍSICA.....	13
OBXECTIVOS PARA O SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA.....	15

CONTIDOS PARA O SEGUNDO CURSO POR BLOQUES.....	17
TEMPORALIZACIÓN.....	19
A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	24
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	24
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	27
METODOLOXÍA.....	28
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	28
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	28
ACTIVIDADES EXTRASCOLARES.....	29
ACCIÓNS PREVISTAS NO "PROXECTO LECTOR".....	29
ACCIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.....	29
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL	29

INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTUALIZACIÓN

CENTRO

SITUACIÓN

O CEIP Fontes Baíña atópase no Concello de Baiona, , concretamente na rúa Fontes Nº 18.

CENTRO ADSCRITO: IES 1º de Marzo

ENSINANZAS QUE OFERTA

O noso colexio é un Centro de Educación Infantil e Primaria con alumando de 3 A 12 anos de idade. A matrícula aproximada é de 126 alumnos.

CARACTERÍSTICAS SINGULARES

O centro está situado nun entorno urbano e a maioría das familias teñen un nivel formativo básico e medio.

O Claustro do profesorado está formado por 16 mestres, no que a gran maioría teñen o seu destino definitivo neste centro.

A Comunidade educativa considera que educar para a convivencia responde á necesidade de formar cidadáns que se responsabilizan dos seus actos, respectándose a si mesmo e ás demais persoas. E os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos e cando xorden problemas na convivencia escolar, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da educación de xeito activo e, en caso de conflitos, todos deben ser parte da solución.

ALUMNADO

O noso centro oferta ademais das actividades educativas outros servizos que non deixan de ser tamén educativo como é o servizo de madrugadores con almorzo e coidadoras , o servizo de transporte escolar, comedor escolar, biblioteca escolar e unha gran variedade de actividades extraescolares en horario de tarde.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE 2º CURSO DE PRIMARIA

Antes de comezar unha descrición das características dos nenos e nenas destas idades débense ter en conta as seguintes puntualizacións:

O desenvolvemento dos dous sexos é aproximadamente igual nos dez ou doce primeiros anos.

- **A evolución somática precede á evolución psíquica.**
- **No desenvolvemento psíquico parece que se repiten os mesmos procesos, pero cada vez dun xeito máis completo . Atopámonos, pois, cun desenvolvemento de xeito espiral máis que lineal.**
- **As clasificacións da psique infantil son modelos típicos. Ó tratar cos nenos débense ter en conta as características individuais e os factores ambientais e culturais que poden ocasionar variantes.**

INTELIXENCIA

Cara ós seis ou sete anos atópase unha etapa sen grandes emocións e sentimentos e, por elo, dáse un progreso da intelixencia moi notorio que debe ser aproveitado na escola e que presenta os seguintes resgos:

Extraversión: Prodúcese un cambio na actitude introvertida da etapa anterior e pásase a unha actitude obxectiva, extravertida, que se consolida agora.

- **Obxectividade : O asomarse a ese mundo exterior quere coñecer as cousas como son, obxectivamente, sen alteralas .**
- **Realismo: O neno sabe distingui-lo real do irreal. Xa non confunde a imaxinación coa fantasía. Seguen a gustarlle os contos pero xa sabe que son contos.**
- **Interese polo concreto : Para o neno a única realidade é a concreta, a que pode percibir cos seus sentidos. É real o que se pode ver e tocar. A súa capacidade de observación é moi grande e fíxase en detalles que pasan desapercibidos ós maiores. Quere enterarse de todo, velo e tocalo todo.**

VIDA EMOCIONAL

Nestas idades o neno enfádase con frecuencia e sofre cambios bruscos de carácter. Os enfados aféctanlle ata o extremo de esgotarse fisicamente. Con relativa frecuencia fai tonterías e búrlase dos seus pais. Acepta o castigo cando se lle presenta algún tempo despois de cometida a falta. Cara ós seis anos e medio faise máis alegre.

É unha idade na que voltan os medos, incluso en multitude de ocasións ordinarias. E fundamental cos familiares coñezan estos datos. Os seus soños tamén sofren grandes modificacións. Os pesadelos son menos frecuentes.

Cara ós sete anos emociónase con máis facilidade: fáltalle confianza e ten dificultades no entendemento cos irmáns. Anímase con promesas de premios. É tranquilo pero inquédase co que podan pensar del.

Ten moito amor propio e quere se-lo mellor e rivalizar cos demais.

E sociable. Simpatiza cos outros e necesita a compañía de outros nenos da escola. Os xogos teñen lugar, con frecuencia, lonxe da familia.

O EU E A SEXUALIDADE

É moi egocéntrico . Séntese máis atraído por temas relacionados co sexo.

RELACIÓNS COS DEMÁIS. OS XOGOS

Ten necesidade da nai. O pai vai agrandando o seu papel. Sente envexa dos irmáns e comparte cos pais algúns traballos da casa.

No que respecta ós xogos, volve ós de etapas anteriores (xogos de terra, auga,etc..)

Ás nenas gústanlle os xogos nos que se imitan roles maternos. Ós nenos gústanlles os xogos nos que predomina a compoñente física.

Cara ós sete anos faise máis servizal. Ordena a súa habitación, fai recados, pon a mesa, etc...

A estas idades danse tanto os xogos individuais coma grupais.

VIDA ESCOLAR

O neno pretende enlaza-lo mundo familiar co mundo escolar e leva, con frecuencia , obxectos persoais ó colexio. Con seis anos enorgullécese do seu traballo e apaixónase por todo o novo. Necesita de estímulos verbais, xa que é frecuente que se desanime. Son frecuentes os cambios bruscos de entusiasmo a desánimo. Coincide coa etapa na que se aprende a ler e escribir. É frecuente que forme grupos de dous.

PLANO MOTOR

A estas idades o neno pasa a meirande parte do tempo movéndose. Cambia de actividade sen descanso. Gústalle saltar, facer equilibrios i , en xeral, desafiarse a si mesmo continuamente. As mans constitúen unha boa fonte de experimentación.

A característica que marca globalmente este período é a saída de neno da familia para ingresar na escola. Nos casos nos que o neno non estivo con anterioridade na gardería ou no etapa de Infantil esta circunstancia vai a ser máis significativa.

Esta é unha fase de extraversión, de grande actividade e movemento case continuo. Admira a forza e o valor; o cal, coa diferenciación de intereses, fai que se note máis a separación dos sexos.

Danse intereses colectivos. Gusto polo xogo en equipos, formación de bandos e pandillas, onde a camaradería é importante. Comezan os xogos grupais fóra do círculo familiar. Os xogos son, case sempre, movidos e ó aire libre. É corrente ver como o neno busca o apoio do mestre ou mestra.

Nos xogos aparece, por vez primeira, a noción de regra. As regras son, en principio , admitidas e máis tarde socializadas.

O xogo ocupa case toda a vida do neno no período de idade infantil, pero comeza a simultanearse con esa outra actividade máis definida que é o traballo.

O seu desenvolvemento motor continúa notablemente, anque existen cambios evidentes. Os ritmos e fases de crecemento seguen coa mesma rapidez que nos cinco anos anteriores.

Mellora a precisión motriz, lo cal incide notablemente na escritura e no debuxo. Nembargantes a esixencia de tarefas escolares dificulta a motricidade espontánea e os movementos, polo tanto, serán máis bruscos e toscos.

As modificacións máis notables son as relacionadas coas calidades físicas básicas, como a forza, o equilibrio, a velocidade de reacción; tamén a axilidade e os saltos, tanto en lonxitude coma en altura.

Mellora, igualmente, o manexo de pelotas; lanzamentos a distancia, velocidade e precisión, recepción de pelotas, golpes cos pés, etc...

É, en definitiva, unha idade idónea para calquera tipo de aprendizaxe. Unha etapa de gran actividade lúdica e escolar na que o deporte e a actividade física en xeral xogan un papel moi importante na formación da personalidade.

A actividade deportiva mellorará se o profesor organiza xogos de equipos que propicien situacións de competición, pero débese recalcar que a victoria ou a derrota é cousa de todo o equipo e non dun só e que se deben de aceptar tódolos resultados coa mesma disposición.

Nas competicións máis reguladas e organizadas convén destacar que o que importa é o resultado do equipo e non os comportamentos individuais.

Nesta idade o sistema nervioso xa acadou un notable desenvolvemento. É unha etapa de exuberancia motora e sensorial. É quen de realizar movementos dissociados e complexos.

Cara ós sete anos é algo menos vivo e activo que o que era ós seis anos, anque, por momentos, ten certa hipersensibilidade. É menos confiado, repite máis os exercicios ata dominalos. A esta idade controla mellor os ollos e as mans. Pode permanecer moito tempo na mesma postura.

COMPETENCIAS BÁSICAS A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1. Competencia lingüística.**
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
- 3. Competencias sociais e cívicas.**
- 4. Competencia dixital.**
- 5. Conciencia e expresións culturais.**
- 6. Aprender a aprender.**
- 7. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.**

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.**
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.**
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.**
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.**
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.**

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA

A Educación Física na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dásele importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

O corpo: imaxe e percepción

Neste bloque trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

Habilidades motrices

O segundo bloque de contidos céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.

Actividades físicas artístico - expresivas

O terceiro bloque abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englábanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivárase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorárase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.

Actividade física e saúde

Este bloque engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentarase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballarase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.

Xogos e deportes

O quinto bloque presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilízanse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoria e a derrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares

tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega.

Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes, aínda que non se diferencian explicitamente. A pesar de que debe haber unha sincronía entre a teoría e a práctica, os procedementos son prioritarios en educación física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica. Estes procedementos propician a adquisición dunha boa competencia no plano motor e conducen, irremediamente, cara á asimilación de conceptos. As actitudes permiten afrontar con interese e con respecto as situacións que se propoñan, contribuíndo ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada.

Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENROLO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS

Competencia en comunicación lingüística.

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- * Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- * A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- * A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- * Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

- * **Aumento da percepción:** búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- * **Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...):** algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- * **Mellora da saúde e da calidade de vida:** entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

Competencia dixital.

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- * **Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.**
- * **Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.**

Competencia sociais e cívicas.

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- * **Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.**
- * **A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...**

*** Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.**

Conciencia e expresións culturais.

A Educación Física achégase a esta competencia:

*** Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.**

Aprender a aprender.

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino - aprendizaxe:

*** Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.**

*** O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.**

*** Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.**

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- * Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
- * Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- * Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinabilidade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia.

Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA

*** Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.**

*** Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para
adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.**

*** Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.**

*** Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto esixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.**

*** Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.**

*** Participar en actividades físico - deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.**

* Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

* Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico - expresivas.

* Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

OBXECTIVOS PARA O SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA

* **Despois de realizar as probas correspondentes á AVALIACIÓN INICIAL e analizados os seus resultados decídese dar maior relevancia, ademáis dos propios do Ciclo en aqueles obxectivos Proprioperceptivos especialmente aos relacionados coa percepción espacial e temporal pola súa interacción con outras áreas (escritura, música, cálculo...). Ademáis tentarase, dende o punto de vista da condición física xeral que melloren a capacidade de percibir os límites do propio corpo e desenrolar estratexias para doisificar o esforzo en función dos límites propios.**

* **Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas ás características deses estímulos.**

Trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de responder a estímulos dados en tres canles: visual, auditivo e táctil. Verificarase que poidan descubrir a procedencia e características dalgúns sons, discriminar co tacto obxectos ou texturas habituais e seguir visualmente ou interpretar traxectorias de obxectos, de persoas e de móbiles. Teranse en conta a memoria auditiva e visual.

* Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.

Preténdese avaliar se o alumnado pode manter o equilibrio e o control da respiración ao experimentar posicións corporais variadas. Ademais, comprobarase se coñece as partes máis importantes do seu corpo e os movementos que se poden realizar con elas, se é capaz de contraelas e de relaxalas en función da postura que deba adoptar.

* Reproducir cos diferentes segmentos corporais ou con instrumentos unha estrutura rítmica sinxela.

Inténtase saber se as nenas e nenos son quen de reproducir unha determinada estrutura rítmica por medio do movemento corporal con tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, golpes cos pés no chan...); tamén con variedade de instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, picas, mazas...).

* Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o sentido do movemento e mais amosando unha axeitada orientación

no espazo.

Preténdese comprobar nas alumnas e alumnos a capacidade de executaren dúas habilidades básicas:

os desprazamentos e os saltos. Realizaranse en posicións corporais variadas e adaptaranse aos requisitos e condicións de cada xogo ou situación motriz presentada.

Avaliarase a ocupación do espazo (dirección e sentido), así como as múltiples posibilidades de execución (amplitude e frecuencia).

*** Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.**

Búscase verificar se as nenas e os nenos son capaces de manexar móbiles e diferentes obxectos con certa habilidade, utilizando ambos os lados do corpo e as súas distintas partes (mans, pés, xeonllos...).

Débase atender á colocación do corpo de forma coordinada para facilitar o xesto e a adaptación ás situacións lúdicas que se ofrezan.

*** Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados, amosando desinhibición e mais respectando e valorando as execucións alleas.**

Preténdese valorar a capacidade do alumnado para referirse a sensacións, personaxes, animais, obxectos... tanto co propio corpo coma con axuda doutros materiais en situacións variadas. Prestarase atención ao esforzo e á espontaneidade, así como ao rexeitamento de estereotipos. Terase en conta o interese polo descubrimento das posibilidades do propio corpo e o grao de respecto ás execucións das outras persoas participantes.

*** Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica da actividade física.**

Avalíase a predisposición cara aos hábitos relacionados coa saúde e co benestar. Constatarse se as alumnas e os alumnos son conscientes da necesidade de alimentarse e de hidratarse ben, sobre todo antes da práctica da actividade física; de manter a hixiene do corpo; de usar roupa e calzado axeitados para a

práctica física; de adoptar determinadas posturas corporais para evitar problemas; así como de identificar os riscos asociados a algunhas actividades motrices.

*** Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación ás características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.**

Neste caso valóranse especialmente as relacións axeitadas cos compañeiros e coas compañeiras, o respecto polas normas e a aceptación de distintos papeis. Ao atender á participación nos xogos, farase fincapé na posta en acción das habilidades básicas (desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións) e na

percepción do propio corpo, do espazo e do tempo.

*** Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia.**

Quérese comprobar o coñecemento e a práctica por parte do alumnado dalgúns aspectos da tradición galega, tales como os xogos ou incluso os xoguetes e os bailes. Valorarase a busca por medio da linguaxe oral, da biblioteca de centro e da aula ou das tecnoloxías da información e da comunicación.

PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 1

Outubro, novembro, decembro

FUNDAMENTACIÓN

Mediante os contidos e as actividades desta unidade, os alumnos poderán reafirmar e ampliar as súas aprendizaxes relativas á imaxe corporal, as relacións espaciais, as habilidades motoras e os aspectos expresivos do movemento. Queremos integrar, de forma progresiva, as diferentes dimensións da motricidade humana co obxectivo de que adquiran un coñecemento reflexivo do seu propio corpo e das súas posibilidades de acción.

OBXECTIVOS

- Distinguir e familiarizarse cos ámbitos e os materiais de Educación Física.
- Coñecer e identificar as distintas partes do corpo humano e referilas ao seu propio corpo e ao dos demais.
- Distinguir e identificar os sentidos corporais.
- Coñecer as nocións espaciais de «dentro» e «fóra».
- Coñecer as nocións espaciais de «arriba», «abaixo», «diante» e «detrás».
- Coñecer as nocións espaciais de «preto» e «lonxe».
- Distinguir as diferentes formas de desprazamento humano.

- Distinguir as nocións de «rápido» e «lento» referidas ao desprazamento propio.
- Recoñecer a propia imaxe e a posibilidade de expresión e de comunicación.
- Adquirir nocións de hixiene e de saúde persoal.

CONTIDOS

As partes do corpo. (1)

- Os sentidos. (2)
- Conceptos espaciais: «dentro» e «fóra». (3)
- Conceptos espaciais: «arriba», «abaixo», «diante» e «detrás». (4)
- Conceptos espaciais: «preto» e «lonxe». (5)
- Os segmentos corporais e as súas posibilidades de movemento e de habilidade: desprazamentos, saltos, lanzamentos e recepcións. (6)
- Conceptos temporais: «rápido » e «lento». (7)
- A expresividade dos xestos da cara. (8)
- Normas e hábitos de hixiene corporal para o coidado da saúde. (9)

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

. Favorecer a actividade motora espontánea e a participación.

Formular o xogo motor como forma de adquirir coñecementos.

Afirmar os coñecementos mediante actividades interdisciplinarias.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coñece e identifica as distintas partes do corpo humano en si mesmo e nos demais.

- Distingue e identifica os sentidos corporais.
- Coñece as nocións espaciais de «dentro» e «fóra».
- Coñece as nocións espaciais de «arriba», «abaixo», «diante » e «detrás».
- Coñece as nocións espaciais de «preto» e «lonxe».
- Distingue as diferentes formas de desprazamento humano.

- Distingue as nocións temporais de «rápido» e «lento» referidas ao desprazamento propio.
- Recoñece a propia imaxe e as súas posibilidades de expresión e de comunicación.
- Adquire nocións de hixiene e de saúde persoal, e aplícaas.

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Uso correcto dos termos referidos ao coñecemento topolóxico do corpo.
- Análise da información contida na lámina sobre actividades físicas.
- Descrición oral dos sentidos sobre os que traballan.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Todos os contidos e as actividades relacionados cos conceptos espaciais de «dentro», «fóra», «arriba», «abaixo», «diante», «detrás», «preto» e «lonxe».

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre os xestos da cara e prácticas en diferentes situacións emocionais.

Competencias sociais e cívicas

- Valoración e aceptación das regras acordadas nos xogos.
- Aceptación da imaxe corporal.
- Valoración do traballo de cooperación na organización e o desenvolvemento de actividades físicas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Desenvolvemento de actitudes de diálogo en actividades e xogos; aceptación e elaboración de normas de convivencia.
- Disposición para afrontar as tarefas e os problemas con responsabilidade, mostrando iniciativa e creatividade.

Conciencia e expresións culturais

- Valoración dos xogos como un patrimonio cultural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Distingue e coñece os ámbitos e os materiais de Educación Física.
- Coñece e identifica as distintas partes do corpo humano en si mesmo e nos demais.
- Distingue e identifica os sentidos corporais.
- Coñece as nocións espaciais de «dentro» e «fóra».
- Coñece as nocións espaciais de «arriba», «abaixo», «diante» e «detrás».
- Coñece as nocións espaciais de «preto» e «lonxe».
- Distingue as diferentes formas de desprazamento humano.
- Distingue as nocións de «rápido» e «lento» referidas ao desprazamento propio.

- Recoñece a propia imaxe e as súas posibilidades de expresión e de comunicación.
- Adquire nocións de hixiene e de saúde persoal, e aplícaas.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Coñecer o propio corpo e os espazos de acción.
- Coñecer e distinguir nocións espazo-temporais.
- Valorar as posibilidades expresivas e os hábitos de saúde.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Realización dos exercicios de autoavaliación incluídos ao final da unidade (Repaso o aprendido).
- Verificación das competencias adquiridas mediante os exercicios propostos en Son capaz de... e en Compruebo o que sei.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación continua, con especial atención a:
- A participación e a integración nos xogos e as actividades de aprendizaxe.
- A iniciativa persoal e o espírito solidario e colaborador.
- A práctica de hábitos de saúde e de hixiene persoal.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN

- Repaso dos xogos e as actividades mediante propostas de práctica autónoma no tempo libre.
- Actividades de reforzo incluídas na proposta didáctica.
- Propostas de actividade física autónoma executadas no tempo libre.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Asignación de tarefas nas sesións de clase, orientadas á integración e á participación activa, dentro das posibilidades de cada un.

- Actividades de ampliación e de reforzo presentadas na proposta didáctica.
- Valoración das propostas de actividade.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Saída recomendada: visitar un complexo deportivo.
- Proposta de alternativas autónomas aos xogos practicados na clase.
- Lectura e práctica dos exercicios propostos no texto.
- Proxecto de investigación: «A miña rutina diaria de saúde e de actividade física».
- Recopilación, por parte dos alumnos, de xogos populares expresivos e proposta da súa práctica no tempo libre.

FOMENTO DAS TIC

- Emprego do libro dixital para a realización das actividades desta unidade

TEMAS TRANSVERSAIS

- Educación para a saúde:

Valorar os contidos estudados e as actividades saudables propostas.

- Educación moral e cívica:

Manter unha actitude solidaria; mostrarse amigable e aberto cos compañeiros nos xogos e nas prácticas de actividade física; facer as paces e ser xeneroso, practicando o xogo limpo; non discriminar os demais en función das súas capacidades e posibilidades físicas; respectar as regras de xogo e aceptar as decisións arbitrais colectivas.

- Educación para a igualdade de sexos:

Promover a igualdade de participación nas actividades físicas e nos xogos.

- Educación en valores:

Mostrar responsabilidade; practicar o xogo limpo; respectar as regras democraticamente propostas e aceptadas nos xogos.

PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 2

Xaneiro, febreiro, marzo

FUNDAMENTACIÓN

Como xa formulamos na unidade anterior, o obxectivo esencial deste curso é o coñecemento

reflexivo do propio corpo, coñecemento que se deberá abordar de forma recorrente e progresiva. Avanzaremos recordando o que aprenderon os alumnos na primeira unidade para

centrar a atención no equilibrio corporal e na postura.

Introducirémonos, tamén, en determinados aspectos sobre os que se vén traballando dende a etapa infantil, facendo que os alumnos comprendan que o seu corpo ten «lados» e tratando de que descubran as dificultades que encontran nun ou outro lado para realizar calquera acción. Iremos integrando, así mesmo, habilidades e destrezas, tanto coas mans coma cos pés. E culminaremos a unidade con conceptos de tipo expresivo, sen esquecer que en todas as unidades estarán sempre presentes os aspectos relativos á saúde.

OBXECTIVOS

- Aprender e practicar distintos tipos de equilibrio.
- Coñecer a postura correcta e coidar de mantela en todo momento.
- Coñecer, verificar e aplicar a noción de "lateralidade".
- Coñecer e practicar a coordinación óculo-manual e óculo-pédica.
- Recoñecer as posibilidades expresivas do corpo.
- Iniciarse nas prácticas habituais de acondicionamento físico.

CONTIDOS

A postura correcta e os seus beneficios. (1)

Habilidades de equilibrio. (2)

A lateralidade corporal. (3)

Coordinacións ollo-man e ollo-pé. (4)

A expresividade corporal. (5)

Normas e hábitos de hixiene corporal para o coidado da saúde. (6)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece e practica distintos tipos de equilibrio.
- Coñece a postura correcta e trata de mantela en todo momento.
- Coñece a noción de "lateralidade" e distínguea no seu propio corpo e nos demais.
- Coñece e practica actividades coordinativas básicas óculo-manuais e óculo-pédicas.
- Recoñece e emprega as posibilidades expresivas do corpo.
- Realiza prácticas habituais de acondicionamento físico.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Coñecer os equilibrios e as posturas corporais correctas.
- Coñecer e distinguir a noción de "lateralidade" e as actividades coordinativas.
- Ser capaz de empregar o corpo como recurso expresivo.
- Adquirir hábitos de actividade física.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer a postura correcta e coidar de mantela en todo momento.
2. Aprender e practicar distintos tipos de equilibrio.
3. Coñecer, verificar e aplicar a noción de lateralidade.
4. Coñecer e practicar a coordinación ollo-man e ollo-pé.
5. Recoñecer as posibilidades expresivas do corpo.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Realización dos exercicios de autoavaliación incluídos ao final da unidade (Repaso o aprendido).
- Verificación das competencias adquiridas mediante os exercicios propostos en Soy capaz de... e en Compruebo o que sei.

6. Adquirir hábitos de hixiene corporal.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación continua, con especial atención a:
- A participación e a integración nos xogos e as actividades de aprendizaxe.

- A iniciativa persoal e o espírito solidario e colaborador.
- A práctica de hábitos de saúde e de hixiene persoal.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN

- Repaso dos xogos e as actividades mediante propostas de práctica autónoma no tempo libre.
- Actividades de reforzo incluídas na proposta didáctica.
- Propostas de actividade física autónoma executadas no tempo libre.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Favorecer a actividade motora espontánea e a participación.

Formular o xogo motor como forma de adquirir coñecementos.

Afirmar os coñecementos mediante actividades interdisciplinarias.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1.1. Coñece a postura correcta e trata de mantela en todo momento.
- 2.1. Coñece e practica distintos tipos de equilibrio.
- 3.1. Coñece a noción de lateralidade e distínguea no seu propio corpo e nos demais.
- 4.1. Coñece e practica actividades coordinativas básicas ollo-man e ollo-pé.
- 5.1. Recoñece e utiliza as posibilidades expresivas do corpo.
- 6.1. Adquire hábitos de hixiene corporal.

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Descrición oral das formas nas que son capaces de equilibrarse.
- Uso correcto de termos relacionados con accións de movemento: lanzar, soste, golpear, empurrar, levantar.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Conteo das veces que caen facendo equilibrios.
- Enumeración da dificultade para manter o equilibrio.
- Conteo das veces que cae o disco e das veces que botan sen perder o balón.

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Explicación do uso dos obxectos de hixiene.
- Verificación, a través da práctica, de como debe ser unha postura correcta.
- Experimentación das dificultades para manter o equilibrio, dependendo dos puntos de apoio que utilicen.
- Experimentación das habilidades de camiñar, correr e saltar.

Competencias sociais e cívicas

- Práctica de actividades físicas colectivas para a adquisición de recursos de cooperación.

- Utilización da actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Traballo en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.

- Aceptación das diferenzas na práctica de actividade física, así como das posibilidades propias e alleas.

Conciencia e expresións culturais

- Coñecemento da riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

- Experimentación da linguaxe do corpo, valorando a súa importancia social e cultural como medio de expresión.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Asignación de tarefas nas sesións de clase, orientadas á integración e á participación activa, dentro das posibilidades de cada un.

- Actividades de ampliación e de reforzo presentadas na proposta didáctica.
- Valoración das propostas de actividade.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Saída recomendada: visitar un circuíto natural ou un lugar de práctica de actividades de acondicionamento físico.
- Proposta de alternativas autónomas aos xogos practicados na clase.
- Lectura e práctica dos exercicios propostos no texto.
- Proxecto de investigación: «As capacidades expresivas do meu corpo».
- Recompilación, por parte dos alumnos, de xogos populares expresivos e proposta da súa práctica no tempo libre.

FOMENTO DAS TIC

- Emprego do libro dixital para a realización das actividades desta unidade.

TEMAS TRANSVERSAIS

- Educación para a saúde:

Valorar os contidos estudados e as actividades saudables propostas.

- Educación moral e cívica:

Manter unha actitude solidaria; mostrarse amigable e aberto cos compañeiros nos xogos e nas prácticas de actividade física; facer as paces e ser xeneroso, practicando o xogo limpo; non discriminar os demais en función das súas capacidades e posibilidades físicas; respectar as regras de xogo e aceptar as decisións arbitrais colectivas.

- Educación para a igualdade de sexos:

Promover a igualdade de participación nas actividades físicas e nos xogos.

- Educación en valores:

Mostrar responsabilidade; practicar o xogo limpo; respectar as regras democraticamente propostas e aceptadas nos xogos.

PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 3

Abril, maio, xuño

FUNDAMENTACIÓN

Na terceira unidade, os aspectos perceptivos do movemento dan paso a un traballo baseado no desenvolvemento motor. Estamos na última etapa do curso, polo que nos achegamos a accións máis complexas que os alumnos poderán resolver xa con maior seguridade. A coordinación global, a través dos desprazamentos, os saltos e os xiros, irá configurando as súas habilidades básicas, e a coordinación ollo-man axudaralles a resolver problemas de manipulación de obxectos.

OBXECTIVOS

- Coñecer e verificar as articulacións máis importantes do corpo e as súas posibilidades de movemento.
- Coñecer e verificar a carreira como posibilidade de movemento distinta da marcha e assimilar os movementos necesarios para realizala.
- Coñecer e verificar o salto como posibilidade de movemento distinta da marcha e da carreira, asimilando os movementos necesarios.
- Coñecer e verificar o xiro como posibilidade de movemento distinta das anteriores e assimilar os movementos necesarios.
- Aprender as habilidades básicas de botar, lanzar e recoller, empregando distintos elementos.

- Verificar as situacións temporais de «antes», «agora» e «despois» referidas a accións de movemento.
- Descubrir o ritmo, asociándoo a diferentes accións de movemento corporal.
- Descubrir a danza, asociándoa ás capacidades expresivas persoais.
- Iniciarse no coñecemento do concepto de «dieta equilibrada».

CONTIDOS

As articulacións máis importantes e as súas posibilidades de movemento. (1)

A carreira, o salto e o xiro; asimilación das accións motoras correspondentes. (2, 3, 4)

As habilidades básicas de botar, lanzar e recibir, así como as situacións espazo-temporais asociadas a cada unha delas. (5)

Os conceptos temporais de «antes», «agora» e despois. (6)

O ritmo e a danza; as súas posibilidades expresivas. (7)

A dieta equilibrada. (8)

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Favorecer a actividade motora espontánea e a participación.

Formular o xogo motor como forma de adquirir coñecementos.

Afirmar os coñecementos mediante actividades interdisciplinarias.

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Uso correcto dos termos referidos ás articulacións.

- Definición e uso correcto dos conceptos de «correr», «saltar» e «xirar».

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Conteo das paradas que necesita realizar cando corre.

- Capacidade de diferenciar os conceptos de «antes», «agora» e «despois».

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Utilización axeitada dos alimentos.
- Utilización das articulacións nas diferentes actividades sabendo cal é a súa función.
- Coñecemento dos mecanismos do salto e da carreira, e a súa aplicación en situacións diversas.

Competencias sociais e cívicas

- Respeto e aceptación das regras impostas nos xogos.
- Valoración positiva do traballo en equipo, sabendo tanto gañar coma perder.
- Utilización da actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Participación nas actividades, tomando decisións e comportándose con responsabilidade.
- Capacidade de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais

- Valoración das manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).

A AVALIACIÓN: PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Entendemos a Avaliación como un xeito de analizar, valorar e describir os resultados do proceso de ensino - aprendizaxe.

Observaranse os cambios realizados ao longo deste proceso segundo as seguintes pautas:

Avaliación personalizada mediante a observación diaria das evolucións do alumno, da súa implicación e atención no desenrolo das tarefas.

- **Avaliación personalizada en función da evolución individual e a progresión dentro das capacidades do alumno e en función delas.**
- **Terase en conta a asistencia, a actitude e participación, o respecto polos compañeiros e profesor e o respecto polas normas.**
- **Avaliación da execución de algunhas tarefas mediante soportes non convencionais (vídeo).**
- **Os criterios de Ficha de seguimento de comportamento e hábitos..**
- **Ficha de seguimento de diversas probas e Test.**
- **Avaliación do Ciclo.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

Comprobar se o alumno e quen de:

Ó remata-lo 1º Curso de Primaria os alumnos e alumnas deberán ser quen de:

* Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas ás características deses estímulos.

Trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de responder a estímulos dados en tres canles: visual, auditivo e táctil. Verificarase que poidan descubrir a procedencia e características dalgúns sons, discriminar co tacto obxectos ou texturas habituais e seguir visualmente ou interpretar traxectorias de obxectos, de persoas e de móbiles. Teranse en conta a memoria auditiva e visual.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Conciencia e expresións culturais.

*** Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.**

Preténdese avaliar se o alumnado pode manter o equilibrio e o control da respiración ao experimentar posicións corporais variadas. Ademais, comprobarase se coñece as partes máis importantes do seu corpo e os movementos que se poden realizar con elas, se é capaz de contraelas e de relaxalas en función da postura que deba adoptar.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Conciencia e expresións culturais

*** Reproducir cos diferentes segmentos corporais ou con instrumentos unha estrutura rítmica sinxela.**

Inténtase saber se as nenas e nenos son quen de reproducir unha determinada estrutura rítmica por medio do movemento corporal con tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, golpes cos pés no chan...); tamén con variedade de instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, picas, mazas...).

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Conciencia e expresións culturais

* Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o sentido do movemento e mais amosando unha axeitada orientación

no espazo.

Preténdese comprobar nas alumnas e alumnos a capacidade de executaren dúas habilidades básicas:

os desprazamentos e os saltos. Realizaranse en posicións corporais variadas e adaptaranse aos requisitos e condicións de cada xogo ou situación motriz presentada.

Avaliarase a ocupación do espazo (dirección e sentido), así como as múltiples posibilidades de execución (amplitude e frecuencia).

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.**

Búscase verificar se as nenas e os nenos son capaces de manexar móbiles e diferentes obxectos con certa habilidade, utilizando ambos os lados do corpo e as súas distintas partes (mans, pés, xeonllos...).

Débese atender á colocación do corpo de forma coordinada para facilitar o xesto e a adaptación ás situacións lúdicas que se ofrezan.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas de ciencia e tecnoloxía.
- Conciencia e expresións culturais.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados, amosando desinhibición e mais respectando e valorando as execucións alleas.**

Preténdese valorar a capacidade do alumnado para referirse a sensacións, personaxes, animais, obxectos... tanto co propio corpo coma con axuda doutros materiais en situacións variadas. Prestarase atención ao esforzo e á espontaneidade, así como ao rexeitamento de estereotipos. Terase en conta o interese polo descubrimento das posibilidades do propio corpo e o grao de respecto ás execucións das outras persoas participantes.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Conciencia e expresións culturais.

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencias sociais e cívicas.
- Competencia en comunicación lingüística.

*** Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica da actividade física.**

Avalíase a predisposición cara aos hábitos relacionados coa saúde e co benestar. Constatárase se as alumnas e os alumnos son conscientes da necesidade de alimentarse e de hidratarse ben, sobre todo antes da práctica da actividade física; de manter a hixiene do corpo; de usar roupa e calzado axeitados para a

práctica física; de adoptar determinadas posturas corporais para evitar problemas; así como de identificar os riscos asociados a algunhas actividades motrices.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación ás características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.**

Neste caso valóranse especialmente as relacións axeitadas cos compañeiros e coas compañeiras, o respecto polas normas e a aceptación de distintos papeis. Ao atender á participación nos xogos, farase fincapé na posta en acción das habilidades básicas (desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións) e na

percepción do propio corpo, do espazo e do tempo.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia sociais e cívicas.

*** Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia.**

Quérese comprobar o coñecemento e a práctica por parte do alumnado dalgúns aspectos da tradición galega, tales como os xogos ou incluso os xoguetes e os bailes. Valorarase a busca por medio da linguaxe oral, da biblioteca de centro e da aula ou das tecnoloxías da información e da comunicación.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia sociais e cívicas.
- Conciencia e expresións culturais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta que a finalidade última da Educación Física, como en calquera das áreas da Primaria, debe ser a formación integral da persoa os principais elementos a ter en consideración serán aqueles que fan referencia ao desenrolo de valores, respecto polos compañeiros, o profesorado e polas normas da área e dos diversos xogos.

Valorarase igualmente o grao de implicación do alumnado nas actividades propostas nas diferentes sesións , o seu interese en realizar axeitadamente ditas actividades e o grao de consecución dos obxectivos e adquisición de contidos.

Dito o anterior e, atendendo aos criterios expostos, cabe a posibilidade de que un alumno que dende o punto de vista motriz é sobresainete vexa rebaixada a súa cualificación por falta de implicación nas actividades, por faltas ao respecto polos compañeiros e ao profesor ou por desinterese no relativo aos hábitos, e outro non moi destacado dende o punto de vista da execución motriz reciba, nembargantes, unha cualificación sobresainete polo seu esforzo nas tarefas, polo respecto aos compañeiros e o profesor e polo cumprimento das normas da Área e dos diversos xogos.

METODOLOXÍA

Tentaremos seguir unha metodoloxía constructiva, achegándonos á realidade dos alumnos e ás súas diferenzas individuais tentando que eles interpreten as ensinanzas e superen as súas limitacións.

A metodoloxía das sesión é globalizadora, participativa e lúdica na meirande parte das sesións.

Empregarase, nunha grande parte das sesións, a técnica do “Descobremento guiado”. En menor medida utilizarase a “Percura” e o “Ensaio-erro” e, nunhas poucas sesións e, fundamentalmente, por cuestión de economía de tempo en función da amplitude dos contidos, utilizarase a “Instrucción directa” como técnica de ensino.

Tanto a metodoloxía como a técnica de ensino estarán axeitados aos obxectivos que se pretendan acadar e ao tempo dispoñible para facelo respectando en todo caso os procesos individuais de Aprendizaxe e a incidencia nos procesos cognitivos e afectivos en todos os tipos de Aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tendo en conta as particularidades físicas e de desenvolvemento de cada alumno e os diferentes ritmos de aprendizaxe axectaránse as actividades ás características do alumnado facendo, nos casos oportunos, as correccións nos obxectivos e as adaptacións do Currículo que precisen os alumnos para acadar os obxectivos de acordo coas súas características persoais e establecendo as modificacións en canto a espazos, materiais e tipo de actividade precisas para o seu desenvolvemento.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos espazos físicos para o desenvolvemento das sesións (ximnasio, pistas polideportivas, vestiarios, duchas, etc... dispoñemos de pelotas de diverso tipo (baloncesto, balonmán de aprendizaxe, rugby, fútbol, pelotas brandas de aprendizaxe, voleibol, tenis, hockey), colchonetas, colchoneta "quitamedos", esterillas, panos, botellas, chapas de refresco e envases de iogurt (material de reciclaxe), sacos de arroz, ladrillos e vallas plásticas, aros, picas, cordas, bancos suecos, pelotas xigantes, zancos, camisetas e petos de cores para facer equipos, etc...

Os recursos didácticos máis utilizados, ademais da propia programación de aula, son as Actividades Jclic para Educación física, a Enciclopedia dos xogos populares "Chirlosmirlos" de Antón Cortizas e ficheiros diversos de xogos que se poden atopar en Internet.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participar co alumnado en diversas competicións ou actividades deportivas propostas dende diversos organismos (Dirección Xeral para o Deporte, Concellos, entidades deportivas privadas, etc...) dentro do horario escolar sempre que a dinámica do Curso o permita. É de salientara boa acollida e participación na actividade de "Educación Vial para Ciclistas" que realizamos coa colaboura do Concello de Nigrán e o Club Ciclista Rías Baixas) Estimularemos ao alumnado para na realización de actividades deportivas fóra do horario escolar, ben sexa a traveso do propio Colexio coas actividades en horario de tarde (karate, fútbol , natación, baile, ximnasia rítmica), ou ben as que se poden realizar nos Clubes da zona (Club Ciclista Rías Baixas, URECA, Nigrán F.C., Airexa baloncesto, Club Baloncesto Nigrán, Sociedade Atlética Val Miñor, participación no Cross Escolar do Val Miñor e etc..).

ACCIÓN PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR

Lectura diaria, antes do comezo das sesións, de diversas noticias dos xornais relacionadas co mundo do deporte.

Percura na Biblioteca Escolar, a traveso de soporte escrito, de información sobre xogos tradicionais e populares.

ACCIÓN PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Realización de actividades na Aula Informática con materiais Java “Jclíc” para Educación física e Coñecemento do Medio (aquelas que gardan relación co coñecemento do Corpo humano e a alimentación fundamentalmente).

Utilización de ordenadores, pantalla dixital, canón de vídeo, etc , como instrumentos para a estimulación, explicación e corrección de diversos contidos e actividades.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A presente programación será revisada anualmente de dúas maneiras:

1ª) Observación diaria da súa adecuación aos intereses do alumnado e ao grao de adquisición dos contidos establecidos para a sesión con anotacións diarias das correccións pertinentes se houbera lugar a elas .

2ª) Corrección (a finais de curso) dos diferentes aspectos observados atendendo a criterios de practicidade en canto á facilidade de adquisición de contidos, utilidade (favorecendo a traveso de actividades de percura un maior grao de adquisición) e

Observando o nivel de aceptación das actividades polo alumnado de xeito que se favoreza a inclusión de aquelas máis valoradas polo seu carácter lúdico e participativo.

AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

A pandemia do Coronavirus pode cambiar o escenario educativo e por ese motivo farei uns axustes da programación a nivel de estándares de aprendizaxes, criterios de avaliación e metodoloxía.

Respecto aos estándares de aprendizaxe imprescindibles serían:

*Percibe correctamente instrucións e estímulos.

*Desarrolla as diferentes actividades sendo consciente das diferenzas de cada un dos espazos nos que se desarrolla.

*Expresar emocións e sensacións de forma desinhibida e espontánea por medio do movemento.

*Participar en equipos de traballo aceptando normas e regras colaborando cos demais para alcanzar as metas.

Respecto aos criterios de avaliacións serían:

*Realizar accións motrices globais para experimentar coas súas posibilidades corporais, diferenciando sensacións.

*Realizar de forma individual xogos de reto e aventura na súa casa ou espazo familiar, respetando ditos espazos e materiais utilizados.

*Escenificar accións cotidiáns.

*Traballar o xogo en xeral e respetar as súas normas.

No tocante á metodoloxía:

Utilizarase a aula virtual do centro para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe. o non poder dar clases presenciais na súa totalidade. As actividades terán un carácter teórico-práctico e participativo no eido familiar e do entorno do alumnado. Recalcarase con insistencia nos hábitos saudables e a hixiene corporal. As familias estarán informadas e as actividades estarán secuenciadas por semanas. Neste caso a metodoloxía imperante será a do aprendizaxe cooperativa e tamén do modelo experiencial e o traballo por tarefas.

Os instrumentos de avaliación empregados serán a observación directa das tarefas resoltas e a participación en debates e intervencións

MÚSICA

MESTRA : EVA FERNÁNDEZ REINALDO

1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
BLOQUE 1. ESCOITA					
j b	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade. ▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. 	CCEC CAA	1º,2º,3º

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características. ▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. <ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características. ▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís. ▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. 	CCEC	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. 	CCEC	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. 	CCEC CD	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. 	CCEC	2º
j b	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. 	CSC	1º,2º,3º

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
j d o	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. 	CCEC CAA	1º,2º,3º

	<p>diferentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego. ▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. 	<p>CSC CCEC CAA</p>	<p>1º,2º,3º</p>
j e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. ▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. 	<p>CCL CCEC</p>	<p>1º,2º,3º</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. 	<p>CCL CCEC</p>	<p>1º,2º,3º</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. 	<p>CSC</p>	<p>1º,2º,3º</p>
j	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter. ▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.15. Forma musical: repetición e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de 	<p>CCEC CAA</p>	<p>1º,2º,3º</p>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	CURSO	SEGUNDO
------	---	-------	---------

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	
	<p>contraste.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. B1.17. Pulso e acento. Compás binario. 		<p>corcheas.</p> <ul style="list-style-type: none"> EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. 	<p>CCEC</p> <p>CD CCEC</p>		<p>1º,2º,3º</p> <p>1º,2º,3º</p>
j	<ul style="list-style-type: none"> B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. 	CCEC		1º,2º,3º
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL						
j	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. 	<p>CMCCT CCEC</p> <p>CSC CAA</p>		<p>1º,2º,3º</p> <p>3º</p>
j	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula. 	CCEC CAA		1º,2º,3º

j k	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. 	CCEC CSC	1º,2º,3º
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. 	improvisación.			
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. 	CCEC CAA	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. 	CAA	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. 	CCEC CAA CMCCT	1º,2º,3º
j b	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas. B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. 	CCEC CMCCT	1º,2º,3º

	<p>tradicional</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Notación musical e graffias non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. ▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. ▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. 	CCEC	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. 	CCEC CAA CMCCT	1º,2º,3º
			EMB2.4.4. Elix e combina	CCEC	1º,2º,3º
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<p>para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes. ▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. 		<p>ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa graffia.</p>	CAA	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa graffia. 	CCEC CAA	1º,2º,3º
BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA					

j b d	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Realizar pequenas coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. 	CCEC CSC	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. 	CSC	1º,2º,3º
j o	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. 	CCEC	1º,2º,3º
	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Práctica dalgunha danza 		<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos 	CCEC	1º,2º,3º
ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> tradicional galega. B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. 		<ul style="list-style-type: none"> coa música. EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. 	CCEC	1º,2º,3º

2. METODOLOXÍA

Actividade lectiva presencial

A metodoloxía levada a cabo basearase na actividade, promovendo a participación do alumnado e considerando que un obxectivo primordial será o desenvolvemento dos nosos instrumentos naturais, a voz e o corpo. Así pois, primaranse os aspectos prácticos, partindo desta para chegar á teoría. A linguaxe musical convencional irase introducindo progresivamente e dun xeito natural, partindo da experimentación e vivenciación previa dos conceptos ou elementos a coñecer.

Prestarase especial atención ó ambiente da clase e ás relacións de grupo. Tratarase de potenciar as propostas e creacións do alumnado, a nivel individual ou de grupo e fomentar unha actitude crítica a partires da valoración das propias actividades.

Nas diferentes sesións iranse complementando actividades colectivas, en gran grupo, con outros momentos de traballo en pequeno grupo ou individuais, nos que se propiciará a expresión creativa do alumnado.

Actividade lectiva semipresencial

Neste suposto, a semana que a actividade sexa presencial realizaranse actividades de carácter máis práctico e participativo. O traballo a realizar na semana que a actividade non sexa presencial estará a disposición do alumnado na aula virtual ou indicaráselle na aula durante a semana que están de xeito presencial, dependendo da complexidade ou particularidade de cada unidade didáctica.

Actividade lectiva non presencial

A metodoloxía levada a cabo nesta situación será o máis motivadora, activa e participativa posible. Estará baseada no emprego de cancións, audicións, exercicios rítmicos e danzas motivadoras que axuden a activar o interese do alumnado pola música. Serán actividades

prácticas e lúdicas para propiciar un unha aprendizaxe o máis amena posible.

Empregarase a aula virtual do centro ou o correo electrónico para entregar o traballo semanal, facendo posteriormente un seguimento da realización das actividades e propiciando un contacto o máis directo posible coas familias.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O carácter práctico e de grupo das clases de música garante que cada alumno vaia desenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumno poida acadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestarase unha atención máis individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

4. MATERIAIS E RECURSOS

As sesións de Educación Musical en Primaria lévanse a cabo na aula de música, situada no primeiro andar do centro. As sesión de Educación Infantil terán lugar nas propias aulas de infantil. Para o desenvolvemento das sesións empregaremos os distintos materiais dos que dispomos nesta aula: instrumentos de pequena percusión e de láminas, obxectos sonoros, teclado, cadea musical, ordenador e dispositivos móbiles, proxector, bibliografía e discografía diversa. Tamén empregaremos o libro de texto “Melodía” da editorial Galinova, material elaborado por min e achegado polo propio alumnado, así como outros espazos e recursos do centro.

5. AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da

propia programación. Realizárase unha avaliación global, continua e formativa, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, que permitirá ir adaptando a programación ás condicións que vaia observando na práctica.

Ao longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- **Observación directa** e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seu traballo diario (participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seu comportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un **diario de clase** e un **registro anecdótico**.
- Análise das producións: producións musicais (rítmico-melódicas, instrumentais, vocais, motrices...), gravacións ou observacións directas dos compañeiros e posterior valoración. Empregarase unha listaxe de control para cada unha delas.
- **Actividades específicas:** exposicións, test, cuestionarios, ditados rítmico- melódicos.
- **Intercambios orais:** diálogos co grupo, debates, postas en común e valoracións das propias realizacións.

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN		Peso
<p>Consecución dos obxectivos das diferentes unidades (atendendo aos criterios de avaliación e estándares establecidos na programación).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise das interpretacións instrumentais e vocais (20%) • Análise das actividades de expresión corporal (20%) • Análise das actividades de escoita (20%) 	60%	
<p>Traballo diario (Participación activa, interese, esforzo por mellorar)</p>	20%	
<p>Hábitos educativos (Conduta e comportamento persoal, relacións interpersoais e cooperación cos demais)</p>	20 %	

Estes criterios establécense tendo en conta que o primordial será crear un clima na aula que propicie unha actitude favorable cara a música e as actividades musicais, conseguindo así unha participación máis espontánea e activa por parte do

alumnado que lles permita desfrutar ao máximo da música. Deste xeito, contribuírase ao desenvolvemento integral do alumnado.

6. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Discrimina e representa sons fortes e suaves.
- Discrimina e representa sons agudos e graves.
- Identifica sons do contorno e a súa procedencia.
- Identifica sons lentos e rápidos de distinta procedencia.
- Identifica o pulso nunha canción e móvese seguindo o mesmo.
- Interpreta seguindo as indicacións de forte e piano.
- Interpreta exercicios de pregunta e resposta con percusión corporal.

- Demuestra espontaneidade na interpretación de xestos e movementos.
- Acompaña cancións e danzas cun ritmo adecuado
- Móvese con soltura nos xogos danzados.
- Distingue distintos tempos.
- Identifica liñas e espazos no pentagrama.
- Domina a grafía da clave de sol.
- Manexa con soltura o grafismo da negra, silencio de negra e clave de sol.
- Discrimina a negra e o seu silencio.
- Coñece a grafía da parella de corcheas.
- Coñece as notas SOL, LA, SI, DÓ (agudo) no pentagrama.
- Identifica os instrumentos de percusión (xilófono, metalófono, batería e castañuelas).
- Recoñece o timbre dos instrumentos de pequena percusión (pandeiro, maracas, claves, triángulo e cunchas).
- Discrimina instrumentos de corda (guitarra, piano, violín, viola, violoncelo, contrabaixo e arpa).
- Discrimina instrumentos de vento.
- Presta atención nas audicións.
- Coida os instrumentos e o material da clase.
- Participa de forma activa na clase de música.

7. APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

A través da materia de Música organizaranse actividades para colaborar co proxecto da ANPA “A igualdade, un mar de oportunidades” e co proxecto de centro.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa

adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Para levala a cabo atenderanse aos seguintes aspectos:

- consecución dos obxectivos propostos
- adecuación das actividades ao alumnado
- implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividades propostas
- ambiente creado durante as sesións
- adecuación dos recursos empregados
- organización do tempo e do espazo
- a idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

MESTRA : EVA FERNÁNDEZ REINALDO

1. CONTIDOS

B1.1. O autoconhecimento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional.
B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción.
B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva.
B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación.
B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.
B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.
B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.
B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.
B2.3. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.
B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.
B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio
B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.
B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.
B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.
B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.
B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.
B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.
B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e

posicionamentos persoais.
B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.
B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.
B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.
B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade

2. COMPETENCIAS CLAVE

Competencia social e cívica

A área contribúe ao desenvolvemento da competencias sociais e cívicas posto que desde esta desenvolveranse aquelas habilidades que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando. Adquírense coñecementos sobre a sociedade, chégase a construír unha escala de valores mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A dimensión ética da Competencia sociais e cívicas entraña ser consciente dos valores da contorna, avalialos e reconstruílos afectiva e racionalmente para crear progresivamente un sistema de valores propio e comportarse en coherencia con eles ao afrontar unha decisión ou un conflito. Iso supón entender que non toda posición persoal é ética se non está baseada no respecto a principios ou valores universais como os que encerra a Declaración dos Dereitos Humanos.

En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de porse no lugar dos demais e comprender os seus puntos de vista aínda que sexan diferentes aos propios, e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais implica, a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres. Igualmente, a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.

Competencia aprender a aprender

Contribuirá ao desenvolvemento da Competencia do aprender a aprender posto que axudará a ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. Require coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

En cada bloque de contidos dos que se compón esta área de Valores Sociais e Cívicos, do mesmo xeito que na área de Ciencias sociais, os obxectivos xerais

estarán marcados polo desenvolvemento das competencias sociais e cívicas que implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade; para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. A relación coa Competencia Social e cívica é directa xa que nesta área recollerase a habilidade para a comprensión dos sucesos, a predición das consecuencias e a actividade sobre o estado de saúde das persoas e a sustentabilidade ambiental.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Sen dúbida, unha das contribucións máis directas será ao desenvolvemento da competencia da autonomía persoal.

Facilitará, por unha banda, a adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais de interrelación, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Conciencia e expresións culturais

En canto á Competencia para a Conciencia e expresións culturais contribuirá desenvolvendo a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal, como social e laboral. Neste sentido tamén contribuirá á formación cultural de grupo ou identidade social e a capacidade de aprecio e recoñecemento do artístico.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

En relación á Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, esta área desenvolve a transformación das ideas en accións; é dicir, proporse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, incluíndo a capacidade para provocar cambios e a habilidade para aceptar e apoiar cambios producidos por factores externos, asumindo a responsabilidade das propias accións e marcando obxectivos coa finalidade de alcanzalos. Require, por tanto poder reelaborar as formulacións previas e xerar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica, analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases de desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoevaluarse, extraer conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

Competencia en comunicación lingüística

A área desenvolve de forma transversal e instrumental a competencia de comunicación lingüística que posibilita o dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo e porse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.

Competencia Dixital

Por último esta área debe contribuír ao desenvolvemento da Competencia dixital coa que se poderán pór en valor actitudes e hábitos de respecto aos demais a través

do uso correcto de internet e as redes sociais coa potencialidade dunha relación social emerxente.

3. METODOLOXÍA

Actividade lectiva presencial

Aproveitaremos tódolos recursos habituais da aula ordinaria.

Confecionaremos un caderno do alumno onde plasmaremos os aspectos máis importantes traballados na aula. Este material pode ser ampliado coa confección de material que vaíamos precisando coma axudas visuais...

- Tratarémos de crear un ambiente propicio que lles dea seguridade e interese pola aprendizaxe.
- Traballaremos de xeito globalizado e interrelacionando as distintas actividades.
- As actividades faranse a través do xogo e de recursos narrativos (contos, lendas, mitos).
- Serviremos de modelo ao alumnado.
- A dinámica da sesión será moi activa, con actividades curtas, dándolles opción de participar a tódolos nenos.
- Apoiarémonos en recursos visuais e iremos do máis xeral o máis concreto.

Actividade lectiva semipresencial

Neste suposto, a semana que a actividade sexa presencial realizaranse actividades de carácter máis práctico e participativo. O traballo a realizar na semana que a actividade non sexa presencial estará a disposición do alumnado na aula virtual ou indicáraselle na aula durante a semana que están de xeito presencial, dependendo da complexidade ou particularidade de cada unidade didáctica.

Actividade lectiva non presencial

A metodoloxía levada a cabo nesta situación será o máis motivadora, activa e participativa posible. Estará baseada no emprego de textos, canción e curtametraxes motivadoras que axuden a activar o interese do alumnado pola materia. Serán actividades prácticas e lúdicas para propiciar un unha aprendizaxe o máis amena posible.

Empregarase a aula virtual do centro ou o correo electrónico para entregar o traballo semanal, facendo posteriormente un seguimento da realización das actividades e propiciando un contacto o máis directo posible coas familias.

4. MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O profesorado participará de forma global no tratamento da diversidade do alumnado xa que cada alumno ou alumna dentro da aula desenvolve diferentes ritmos de aprendizaxe.

Para facilitar os avances individuais téñense en conta os coñecementos

previos dos alumnos e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse una especial importancia ao autoconhecimento e ao respecto así como traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos.

Propóñense actividades de reforzo para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de ampliación para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
- A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

5. AVALIACIÓN

Avaliación inicial para coñecer o punto de partida do grupo de alumnos. Avaliación continua para adaptarnos as necesidades que vaian xurdindo na posta en práctica. Final para avaliar se se cumpriron os obxectivos e facer propostas de mellora.

Crterios

1. B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescripción de calidades.
2. B1.2. Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.
3. B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
4. B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
5. B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
6. B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.
7. B2.2. Empregar a aserción.
8. B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.
9. B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.
10. B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.
11. B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.
12. B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
13. B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.
14. B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
15. B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.
16. B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.
17. B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.

Estándares de aprendizaxe

1. VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.
2. VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.
3. VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.
4. VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

5. VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
6. VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
7. VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
8. VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.
9. VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.
10. VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.
11. VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.
12. VSCB2.1.1. Expresar con claridade sentimentos e emocións.
13. VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.
14. VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
15. VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.
16. VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
17. VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.
18. VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
19. VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
20. VSCB2.5.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
21. VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.
22. VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.
23. VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
24. VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
25. VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.
26. VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.
27. VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas da aula.
28. VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.
29. VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.
30. VSCB3.4.2. escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.
31. VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.
32. VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.
33. VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.
34. VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.
35. VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.
36. VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.

37. VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
38. VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.
39. VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.
40. VSCB3.7.3. Expressa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Ao longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os **procedementos e instrumentos** cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- **Observación directa** e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seu traballo diario (participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seu comportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un **diario de clase e un rexistro anecdótico**.
- **Análise das producións:** caderno de traballo. Empregarase unha **listaxe de control**
- **Intercambios orais:** diálogos co grupo, debates, postas en común e valoracións das propias realización

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PESO
Consecución dos obxectivos das diferentes unidades (atendendo aos criterios de avaliación e estándares establecidos na programación).	50%
Traballo diario (Participación activa, interese, esforzo por mellorar)	25%
Hábitos educativos (Conduta e comportamento persoal, relacións interpersoais e cooperación cos demais)	25%

6. TEMPORALIZACIÓN

OCTUBRE

-Identidad y dignidad

-Autoconcepto

NOVIEMBRE

-Las emociones

DICIEMBRE

-Habilidades sociales

-Respeto a lo demás

ENERO

-Resolución pacífica de conflictos.

FEBRERO

-Esteriotipos sexistas

-Igualdad de sexos

MARZO

-Culturas del mundo

- Respeto a otras culturas

-Multiculturalidad

ABRIL

- Cuidado y respeto por el medio ambiente.

- Reciclaje.

MAYO

- Educación vial.

- Seguridad

- Primeros auxilios

JUNIO

- Los derechos y deberes del niño.

-Derechos universales.

7. MINÍMOS ESIXIBLES

- Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.
- Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
- Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.

- Expresar con claridade sentimentos e emocións.
- Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.
- Emprega a linguaxe positiva.
- Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
- Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
- Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.
- Respecta as normas do centro escolar.
- Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.
- Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.
- Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
- Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos

8. APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

A través da materia de Valores sociais e cívicos organizaranse actividades para colaborar co proxecto da ANPA “A igualdade, un mar de oportunidades” e co proxecto de centro.

9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Para levala a cabo atenderanse aos seguintes aspectos:

- consecución dos obxectivos propostos
- adecuación das actividades ao alumnado
- implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividades propostas
- ambiente creado durante as sesións
- adecuación dos recursos empregados
- organización do tempo e do espazo
- a idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA 2º. CURSO 2021-22

Mestra : Montserrat Prado Abril

1.-INTRODUCCIÓN-CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación forma parte dun proxecto completo de 1º a 6º de Educación Primaria que se adapta ao ritmo e necesidades de cada idade, mantendo a coherencia na secuenciación de contidos, metodoloxía e claves pedagóxicas para a etapa. Das claves pedagóxicas desta programación queremos destacar que:

- Nun horizonte de formación integral, esta programación asume o reto da educación emocional como elemento esencial do proceso de aprendizaxe. Pretendese axudar aos alumnos a nomear o seu mundo emocional para regulalo, e integrar as emocións nos contidos relixiosos.
- Partindo das intelixencias múltiples que diferencian os itinerarios persoais de aprendizaxe de cada alumno, esta programación propón actividades diferentes para traballar cada unha das oito intelixencias: lingüística-verbal, lóxico-matemática, visual-espacial, corporal-cinestésica, musical, interpersonal, intrapersonal e naturalista.

Como suxire a LOMCE este proxecto baséase nunha metodoloxía que promove o desenvolvemento das competencias básicas. As aprendizaxes significativas no área de relixión se articulan xunto aos doutras materias dotando aos alumnos de coñecementos “útiles” para a súa vida cotiá. Mediante estratexias de aprendizaxe cooperativo e o uso de ferramentas TIC, podense deseñar itinerarios personalizados que poden adaptarse con flexibilidade aos diferentes ritmos de aprendizaxe e circunstancias do grupo.

2.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE RELIXIÓN CATÓLICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en

comunicación lingüística, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxico e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta materia aporta á dimensión de escoita da comunicación.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas.

Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade. Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímoo adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescínlese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade ao enriquecemento do noso patrimonio cultural. A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

A contribución ao desenvolvemento das competencias básicas vén marcadas polos estándares de aprendizaxe que se concretan en descritores. Estes trabállanse e se evalúan mediante actividades. É, xa que logo, nas actividades ou tarefas onde incorporamos o tratamento ou desenvolvemento das competencias básicas. Na programación de cada unidade didáctica están marcados os contidos que se abordan e as actividades que desenvolven as competencias básicas. Ao final de cada unidade propónse unha avaliación competencial que pode ampliarse coas avaliacións incluídas no caderno de recursos didácticos.

3.-OBXECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN

1. Identificar a emoción da esperanza. Coñecer que o lugar de destino é unha invitación á confianza en Deus. 2.-Descubrir a importancia da elección de María na decisión de Deus de facerse próximo na vida das persoas. 3.-Descubrir que ser elixidos para unha tarefa conleva sentir autoestima, confianza e responsabilidade.	1º TRIMESTRE
4.-Identificar emocións a través das súas vivencias tomando conciencia das mesmas. 5.-Identificar o significado profundo do Nadal.	2º TRIMESTRE
6.-Recoñecer a importancia da auga para a vida, e o seu significado no sacramento do bautismo. 7.-Comprender o relato de Pentecostés. Coñecer a maneira de celebrar esta festa e os símbolos que se utilizan.	3º TRIMESTRE

4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e ás persoas da súa contorna.
2. Descubre e nomea situación nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.
3. Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz.
4. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
5. Identifica e representa gráficamente os dons que Deus fai ao home na creación.
5. Expressa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitud a Deus pola súa amizade.
6. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.
7. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
8. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.

9. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus .
10. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.
11. Le e expresa, verbal ou gráficamente, o relato da Anunciación.
12. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.
13. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
14. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
15. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.
16. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
17. Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.
18. Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.
- 19.1 Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.
20. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.
21. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

6.-MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA

- Comprende que o libro da Biblia narra a historia do pobo de Israel.
- Identifica as relacións entre os patriarcas a partir da narración bíblica.
- Sabe que María foi elixida para ser nai de Xesús.
- Identifica as palabras que lle dixo o anxo a María na oración do Avemaría.
- Recoñece algúns símbolos propios do Advento e o Nadal.
- Coñecer o relato bíblico de Juan o Bautista.
- Identificar a auga como elemento imprescindible para a vida.
- Identifica os símbolos do bautismo.
- Identifica os símbolos que representan ao Espírito Santo.
- Identifica os protagonistas no relato de Pentecostés.

7.-PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ser un proceso continuado ao longo de todo o curso escolar, por iso, para sistematizala establécense tres momentos diferentes:

Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Avaliación formativa continua, que pretende coñecer si vanse logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e auto-corrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa. Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

Avaliación sumativa, na que se valora, sobre todo, o grado de adquisición das competencias clave, expresadas nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e os descritores; é dicir, avaliación do resultado.

PROCEDEMENTOS

INSTRUMENTOS

OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA	Escalas de observación Categorical (Nunca, as veces, sempre) Numérica
ANÁLISE DE PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS	Lista de control Diario de clase Caderno de clase Traballo de aplicación e síntese Resúmenes Monografías Resolución de exercicios Textos escritos Produccións orais Produccións plásticas ou musicais Produccións motrices Investigacións Xogos de simulación e dramáticos

INTERCAMBIOS ORAIS	Diálogo Entrevista Posta en común Asamblea
PROBAS ESPECÍFICAS	Obxetivas Abertas Interpretación de datos (ilustración, mapa) Exposición dun tema Probas de capacidade motriz
CUESTIONARIOS	
GRABACIÓNS E ANÁLISE	

8.-METODOLOXÍA

Partindo das características psicoevolutivas e o desenvolvemento relixioso e moral dos nenos e nenas desta etapa e das súas experiencias vitais, iníciase cada sesión con elementos motivadores para propiciar o interese, a atención e a motivación. Exporanse actividades de observación, escoita, dialogo e búsqueda de respostas, combinando o traballo persoal co de grupo. Buscarase o fomento no alumnado da capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio ambiente.

9.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Material escolar (lapis, ceras, tixeiras, pegamento,...)
- Recursos de aula (mapas, láminas,...)
- Fichas complementarias e de reforzo.

- Recursos didácticos de internet.
- Revistas, xornais.
- Audio de cancións.
- Libros, diccionario, Biblia.
- Xogos didácticos de elaboración propia.

14.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Contemplantase como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante ou desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Prestarase especial sensibilidade á atención personalizada dous alumnos e alumnas e ao establecemento de mecanismos de reforzo mediante actividades, fichas elaboradas adaptandoas as capacidades do alumnado e axuda por parte da mestra. Considerase imprescindible contar co asesoramento dous servizos de orientación do centro para a programación e posterior elaboración dous materiais e actividades que se empregarán.

10.-AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

a.-Traballos que o alumnado vai realizando. (60% da nota. 6 puntos sobre 10)

- Tarefas que realiza no libro do alumno.
- Preguntas que realiza ena clase.
- Respostas que dá na clase.
- Presentación dos traballos.

b.-Actitude ante a aprendizaxe. (10 % da nota. 1 punto sobre 10)

- Iniciativa, interese e participación activa no desenvolvemento da clase.
- Ter un comportamento adecuado en formas e expresións.
- Coidado e respecto polo material.

- Convivencia dentro e fóra do grupo.
- Respecto polas persoas e as opinións.
- Respecto polas persoas e as opinións.
- Atención ás explicacións do profesor/a e os compañeiros/ as.

c.-Probas de avaliación. (30% da nota. 3 puntos sobre 10)

11.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

a.-Cuestionario de valoración para o profesor

NIVEL	BAIXO	MEDIO	ALTO
Foi motivante para o alumno e para o mestre			
As actividades foron variadas e organizadas en grao de dificultade			
Aproveitamos os recursos e proxectos do centro			
Necesitouse actividades de reforzo polas dificultades dos contidos.			
Necesitouse máis tempo para traballar as unidades por dificultades externas á aula ou da dificultade dos contidos.			
Serviulles para conectar as súas aprendizaxes previas e construíron novos.			
Prevíronse actividades, respectando os distintos ritmos de aprendizaxe, con actividades tanto de reforzo como de ampliación.			
Os resultados dos controis, probas orais, exercicios en papel ou en lousa indican que se conseguiron os obxectivos previstos.			

b.-Diario de clase.

-Recollida de información do traballo e actividade.

-Posibles dificultades na posta en marcha das actividades previstas.